

**A muller no mundo
laboral**

5

Capítulo 5. A MULLER NO MUNDO LABORAL

5.1. Introducción

Na exposición de motivos da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, dise: " O artigo 14 da Constitución Española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Pola súa banda o artigo 9.2 consagra a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais ou efectivos".

A igualdade é así mesmo un principio fundamental na UE, no que se refire ao acceso ao emprego, formación, promoción profesional e ás condicións de traballo. A violencia de xénero, a discriminación salarial, a discriminación nas pensións de viuvez, o maior desemprego feminino, a escasa presenza das mulleres en postos de responsabilidade política, social, cultural e económica, ou os problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar, mostra que a igualdade plena e efectiva aínda non se conseguiu.

O Título IV desta Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, ocúpase do dereito ao traballo en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no acceso ao emprego, na formación profesional e nas condicións de traballo e contéplase especificamente o de negociar plans de igualdade nas empresas de máis de 250 persoas traballadoras.

As recomendacións que se fan a España están orientadas a aumentar os incentivos para que as mulleres participen no mercado de traballo e incrementar a dispoñibilidade e accesibilidade dos servizos para o coidado de fillas e fillos e outras persoas dependentes.

A situación de desigualdade da muller segue sendo palpable non só en España e Europa, senón no resto do mundo. A OIT puxo a voz de alarma sobre a feminización da pobreza, resultado, en parte, das diferenzas de xénero no ámbito laboral. Aumenta o número de mulleres que acceden ao emprego pero tamén aumenta o número de mulleres no paro. A taxa de actividade das mulleres españolas está por debaixo das europeas e a taxa de emprego feminino, aínda que mellorou nos últimos anos, aínda é máis baixa que a das mulleres europeas. A taxa de paro feminino, que tende a reducir distancias co masculino, segue sendo elevada.

As diferenzas salariais entre homes e mulleres na media da UE fóronse reducindo progresivamente. En España a evolución foi mínima, non só se manteñen unhas

grandes diferenzas salariais, por razón de sexo, senón que a porcentaxe de mulleres con ingresos anuais superiores a 30.000 euros é moi reducida.

Ao longo deste capítulo queremos deixar reflexo da necesidade de adoptar medidas que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a precariedade, a desigualdade salarial e dificultades para conciliar a vida familiar, laboral e persoal. A estes elementos debe unirse a importante segregación ocupacional por sexos, o emprego feminino céntrase en determinadas ramas de actividade (segregación horizontal) e en determinadas categorías profesionais (segregación vertical).

Máis complicado parece que desapareza o "teito de cristal" ou "chan pegañento": barreira invisible formada por unha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas polos homes, que impiden que as mulleres accedan a postos de gran responsabilidade e recoñecemento social, e que en moitos casos crean que o elixiron elas libremente.

5.2. A muller na poboación galega

Neste capítulo atenderemos o mercado de traballo de Galicia dende a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres. Comezaremos este achegamento á problemática da muller no mercado de traballo galego analizando a participación relativa da muller na poboación galega.

As mulleres son maioría na poboación galega (así como na de cada unha das súas provincias) e na española, como se comproba co cadro 5.1.

Cadro 5.1

**Poboación de Galicia e España. Por sexo e provincias.
Padrón municipal a 1 de xaneiro de 2016 e 2017**

	2016			2017		
	Ambos sexos	Varóns	Mulleres	Ambos sexos	Varóns	Mulleres
España	46.557.008	22.843.610	23.713.398	46.572.132	22.832.861	23.739.271
Galicia	2.710.216	1.309.481	1.400.736	2.672.940	1.282.772	1.390.168
A Coruña	1.122.799	538.878	583.921	1.120.294	537.311	582.983
Lugo	336.527	163.154	173.373	333.634	161.775	171.859
Ourense	314.853	151.226	163.627	311.680	149.689	161.991
Pontevedra	944.346	456.551	487.795	942.731	455.617	487.114

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes.

Por cada 100 homes que hai en Galicia, en 2016, hai 107,5 mulleres e 107,6 en 2017; o dato na Coruña é de 108,3 en 2016 e de 109 en 2017, en Lugo de 106,2 nos dous anos; en Ourense de 108 en 2016 e 108,2 en 2017 e en Pontevedra de 106,8 en 2016 e 106,9 en 2017 (todos moi por enriba da media española: 103,8 en 2016 e 103,9 en 2017)

No cadro 5.2 constatamos que no ano 2016 había na Unión Europea aproximadamente 51,13% de poboación feminina e 5,11% en 2017.

Cadro 5.2

**Poboación España e U.E.
%de mulleres 2016/2017**

	2016	2017
EU 28	51,13	51,11
España	50,89	50,92

Fonte: Eurostat.

A porcentaxe de mulleres sobre a poboación total dende 1996 figura no cadro 5.3.

Cadro 5.3

Poboación e índice de femineidade. 1996- 2017

	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Índice de femineidade
2017	46.572.132	23.739.271	22.832.861	103,97
2016	46.557.008	23.713.398	22.843.610	103,81
2015	46.624.382	23.733.999	22.890.383	103,69
2014	47.771.341	23.785.665	22.985.676	103,48
2013	47.129.783	23.933.397	23.196.386	103,18
2012	47.265.321	23.966.965	23.298.356	102,87
2011	47.190.493	23.907.306	23.283.187	102,68
2010	47.021.031	23.794.846	23.226.185	102,45
2009	46.745.807	23.628.819	23.116.988	102,21
2008	46.157.822	23.310.085	22.847.737	102,02
2007	45.200.737	22.860.775	22.339.962	102,33
2006	44.708.964	22.608.498	22.100.466	102,30
2005	44.108.530	22.327.661	21.780.869	102,51
2004	43.197.684	21.912.437	21.285.247	102,95
2003	42.717.064	21.682.738	21.034.326	103,08
2002	41.837.894	21.273.805	20.564.089	103,45
2001	41.116.842	20.951.328	20.165.514	103,90
2000	40.499.791	20.678.407	19.821.384	104,32
1999	40.202.160	20.531.518	19.670.642	104,32
1998	39.852.651	20.364.186	19.488.465	104,49
1996	39.669.394	20.269.845	19.399.549	104,49

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes.

A distribución por sexo de cada un dos grupos de idade en Galicia pode verse no cadro 5.4, que pon de manifesto que:

-Os homes son maioría no grupo de idade de 0 a 15 anos.

-As mulleres son maioría nos outros grupos de idade e a diferenza a favor das mulleres vaise abrindo progresivamente á medida que avanzamos na idade.

A maior esperanza de vida das mulleres e a maior emigración dos homes están, sen dúbida, entre os factores explicativos.

Cadro 5.4

Poboación de Galicia. Por idade e sexo. 2015-2017

Idade	Galicia 2015			Galicia 2016			Galicia 2017		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
0-15 anos	346.989	178.696	168.253	346.006	178.205	167.801	345.107	177.680	167.427
16-64 anos	1.729.491	861.325	868.166	1.711.209	851.531	859.678	1.697.293	844.152	853.141
65 e mais	655.907	277.033	378.874	661.310	280.073	381.237	665.939	282.560	383.379
Total	2.732.347	1.317.054	1.415.293	2.718.525	1.309.809	1.408.716	2.708.339	1.304.392	1.403.947

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes.


Para ver se a primacía numérica da muller en Galicia se asenta en motivos biolóxicos ou hai unha causalidade social, pode observarse no cadro 5.5 que no último cuarto de século en todos e cada un dos anos naceron en Galicia máis homes que mulleres. Destacaremos os seguintes aspectos:

- O importante descenso dos nacementos tocou fondo en 1998, ano no que o total de nacementos non chegou á metade dos de 1980 (quedou no 47,3%).
- En 2003 recuperouse o nivel dos 20.000 nacementos (por vez primeira dende 1993) e en 2008 chegouse aos 23.281 nacementos, para volver diminuír a partir dese ano.
- Da diferenza entre homes e mulleres do ano 1980 (1.384 persoas) pasouse a 484 nenos máis que nenas en 2016.

Cadro 5.5

Nacemento segundo o sexo do/a nacido/a. Galicia. 1984-2016

Ano	Homes	Mulleres
1984	15.702	14.835
1985	14.682	13.745
1986	13.517	12.661
1987	13.360	12.464
1988	12.671	11.887
1989	12.146	11.446
1990	11.552	10.949
1991	11.331	10.596
1992	11.149	10.484
1993	10.956	10.328
1994	10.113	9.570
1995	9.702	9.097
1996	9.529	9.068
1997	9.647	9.036
1998	9.621	8.917
1999	9.691	9.093
2000	10.052	9.366
2001	9.955	9.406
2002	9.987	9.340
2003	10.539	9.884
2004	10.652	9.969
2005	10.867	10.230
2006	11.075	10.317
2007	11.173	10.497
2008	12.036	11.245
2009	11.644	11.002
2010	11.443	10.507
2011	11.544	10.608
2012	10.990	10.099
2013	10.990	10.099
2014	10.316	9.427
2015	10.032	9.395
2016	9.773	9.289



Fonte: INE, Movemento natural de poboación.

No cadro 5.6 compróbase que Galicia é a cuarta comunidade autónoma por porcentaxe de mulleres estranxeiras sobre o total da poboación estranxeira. Supera en 1,15 puntos a media estatal, despois de Asturias, Madrid e Cantabria.

Cadro 5.6

Poboación estranxeira. Porcentaxe de mulleres. Por CC.AA. 2009-2017

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
España	43,66	47,83	47,86	48,13	48,53	48,84	49,05	49,30	49,59
Andalucía	43,31	47,86	47,92	48,16	48,64	48,64	48,93	48,90	48,95
Aragón	39,72	45,70	45,71	46,19	46,59	47,42	47,74	48,27	49,04
Asturias	44,49	50,80	50,81	50,77	51,70	51,62	52,66	52,95	53,23
Baleares	45,01	48,64	48,71	48,84	49,23	49,54	49,71	49,89	49,95
Canarias	45,89	49,25	49,26	49,41	49,53	49,66	49,77	49,91	49,93
Cantabria	42,71	49,29	49,36	49,77	40,17	50,31	50,73	51,38	51,88
Castela e León	42,79	47,59	47,64	47,84	48,51	48,90	48,90	49,89	50,31
Castela-A Mancha	39,83	45,56	45,61	45,87	46,51	47,00	47,65	48,18	48,58
Cataluña	42,02	46,46	46,49	46,86	47,34	47,65	47,86	48,08	48,45
C. Valenciana	44,48	47,68	47,70	47,80	48,10	48,40	48,58	48,81	49,25
Extremadura	43,42	47,78	47,80	48,00	48,51	48,77	49,35	49,82	50,35
Galicia	44,75	49,61	49,66	49,31	49,63	49,88	50,09	50,60	50,74
Madrid	46,59	50,30	50,31	50,86	51,20	51,52	51,73	52,14	52,42
Murcia	40,57	44,09	44,12	44,48	44,93	45,18	45,33	45,50	45,55
Navarra	42,16	46,02	46,07	46,63	47,13	47,38	47,87	48,08	48,64
País Vasco	42,88	48,58	48,58	48,55	48,97	49,32	49,35	49,54	49,63
A Ríoxa	40,62	46,46	46,47	47,04	47,65	48,79	49,42	49,83	50,18
Ceuta	44,70	49,64	49,70	49,14	48,25	49,37	49,83	49,99	50,33
Melilla	42,99	46,52	46,61	46,32	46,69	48,80	49,28	49,50	50,04

Fonte: INE, Explotación estatística do Padrón municipal de habitantes.

5.3. Muller e actividade económica de mercado

5.3.1. Introducción

Só nas últimas décadas a muller comezou a incorporarse maioritariamente en Galicia á actividade económica "de mercado", posto que tradicionalmente realizou un importante traballo, pero non retribuído senón ligado prioritariamente á esfera doméstica (incluíndo ademais dos labores do fogar o coidado dos nenos e nenas, das persoas con discapacidade, etc.).

A invisibilidade deste traballo, que non computa na xeración do PIB, comezou a ceder paso no último cuarto de século por unha incorporación á vida activa similar á masculina nos grupos de idade máis novos, pero queda moito camiño por andar para que poidamos falar dun mercado laboral realmente equilibrado por sexos.

Xa vimos no capítulo anterior que as mulleres, malia ser máis que os homes entre a poboación de 16 anos e máis anos, son moitas menos na poboación activa (e moi especialmente na ocupada), mentres que son maioría na poboación desempregada e na inactiva.

Podemos complementar ese cadro co 5.7, que detalla para as provincias galegas a distribución porcentual da poboación. Destacaremos que:

-A taxa de actividade maior alcánzana os homes na provincia de Pontevedra (60% en 2016) e a menor é a das mulleres en Ourense (44,1% en 2017)

-A provincia con menor taxa de actividade masculina, Ourense (51,5% en 2016 e 52,1% en 2017), está por enriba en máis de 8 puntos porcentuais, da de Pontevedra. A que ten maior taxa de actividade feminina é A Coruña (50,5% en 2017), seguida da Pontevedra (49,9% en 2017). A taxa máis baixa está en Ourense con 44,1%.

-A taxa de actividade en Galicia no grupo de mulleres só chega ao 48,8% en 2016 e 49,1% en 2017 fronte ao 58,5% en 2016 e 57,9% en 2017 de homes.

-A taxa máis alta de desemprego no colectivo feminino e masculino encontrámola en Pontevedra en 2017 tanto no grupo de homes coma no de mulleres.

-A taxa de desemprego máis baixa é a de Lugo cun 11,5% nos homes e 13,9% en mulleres.

Cadro 5.7

Distribución porcentual da poboación de 16 e máis anos. Pola relación coa actividade económica. Por sexo e provincia. 2016-2017

	Taxas de actividade		Taxas de desemprego	
	2016	2017	2016	2017
Ambos sexos				
A Coruña	54,80	54,80	15,40	14,20
Lugo	52,10	51,70	14,80	12,70
Ourense	48,00	47,90	19,50	16,50
Pontevedra	54,20	53,90	19,40	18,30
Galicia	53,50	53,30	17,20	15,70
Homes				
A Coruña	59,80	59,50	14,50	13,70
Lugo	56,70	56,90	14,10	11,50
Ourense	51,50	52,10	19,00	15,40
Pontevedra	60,00	58,30	19,10	17,70
Galicia	58,50	57,90	16,50	15,00
Mulleres				
A Coruña	50,30	50,50	16,40	14,70
Lugo	47,80	46,70	15,60	13,90
Ourense	44,70	44,10	20,10	17,70
Pontevedra	48,8	49,9	19,7	18,9
Galicia	48,8	49,1	17,8	16,4

Fonte: IGE-INE, EPA.

5.3.2. Actividade e inactividade

A moito menor taxa de actividade das mulleres en Galicia (e en cada unha das súas provincias) en relación coa dos homes xa foi obxecto de estudo no capítulo 4; para completar esa análise presentamos no cadro 5.8 as taxas de actividade de homes e mulleres en cada unha das comunidades autónomas. Destacaremos que:

-A taxa de actividade feminina está en Galicia case 5 puntos porcentuais por baixo da media española.

-A taxa de actividade masculina en Galicia supera en 9 puntos á feminina, pero está 8 puntos por debaixo da media estatal para o grupo de homes en 2017.

Cadro 5.8

Taxa de actividade por sexo e comunidade autónoma. 2016-2017

	Varóns		Mulleres	
	2016	2017	2016	2017
España	64,80	64,57	53,41	53,33
Andalucía	64,60	63,95	50,61	50,21
Aragón	65,33	64,36	53,28	52,79
Asturias	55,65	54,90	46,62	46,85
Baleares	67,56	67,63	57,54	55,65
Canarias	65,56	65,60	56,32	56,37
Cantabria	61,66	60,98	51,06	51,03
Castela-A Mancha	61,05	60,19	49,09	48,78
Castela e León	66,55	66,66	51,09	52,32
Cataluña	66,83	66,98	56,76	56,78
C. Valenciana	64,58	65,08	54,63	53,77
Estremadura	62,31	62,17	47,70	47,54
Galicia	58,40	57,56	48,75	48,79
Madrid	68,47	68,24	58,42	58,90
Murcia	66,39	66,70	51,85	52,07
Navarra	63,69	63,84	54,26	54,01
País Vasco	62,58	61,81	51,20	51,25
A Ríoxa	64,33	65,05	53,48	53,03
Ceuta	63,71	64,70	46,60	49,41
Melilla	71,09	70,49	48,84	50,54

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de 2017.

Unidades: porcentaxe.

Focalizando o estudo na perspectiva de xénero os cadros 5.9 poñen de manifesto que:

-A principal situación de inactividade da muller galega deixa de ser "labores do fogar" (28,3% en 2016 e 29% en 2017) e pasa ao primeiro posto "xubilación ou prexubilación" (35,3% en 2016 e 34,9% en 2017).

-A principal situación de inactividade dos homes en Galicia é a de xubilado ou prexubilado (co 62,9% dos inactivos en 2016 e 62,5% en 2017), mentres que nas mulleres é de 35,3% en 2016 e 34,9% en 2017. A pequena proporción de mulleres que realizaron en décadas anteriores un traballo retribuído é a explicación principal deste

importante desaxuste, que contribúe a que ser muller de idade avanzada se constituía hoxe nun dos principais factores de risco para formar parte das bolsas de pobreza.

-O 12% das inactivas galegas son estudantes e a porcentaxe ascende ao 15,3% entre os homes.

-O cobramento das pensións de viuvez prioritariamente por mulleres (xa que en décadas anteriores os/as cotizantes á Seguridade Social eran en proporción moi maioritaria os homes) explica que a porcentaxe de mulleres perceptoras de pensións diferentes ás ligadas á xubilación é máis de cinco veces maior que nos homes.

Cadro 5.9

Poboación inactiva. Por clase de inactividade, sexo e comunidade autónoma. 2016

	Total	Estudante	Xubilado/a ou prexubilado/a	Labores do fogar	Incapacitado/a permanente	Perceptor/a pensión distinta da xubilación (ou prexubilación)	Outras situacións ⁽¹⁾
Homes							
España	100	19,7	60,1	5,8	8,8	2,6	3,0
Andalucía	100	21,7	55,4	6,3	10,9	2,0	3,7
Aragón	100	17,6	68,2	5,2	6,3	1,8	1,0
Asturias	100	14,4	67,1	3,5	8,5	3,7	2,9
Baleares	100	18,2	52,2	13,0	5,6	4,4	6,6
Canarias	100	20,8	50,9	9,0	11,5	3,8	4,1
Cantabria	100	19,6	61,7	3,1	7,4	4,2	3,9
Castela e León	100	16,0	67,3	4,8	7,1	2,3	2,5
Castela-A Mancha	100	20,7	61,8	5,6	7,9	1,3	2,7
Cataluña	100	18,9	61,6	5,0	8,3	3,8	2,4
C. Valenciana	100	19,1	59,5	5,8	10,1	3,0	2,5
Estremadura	100	19,2	58,9	6,7	8,6	2,0	4,5
Galicia	100	15,3	62,9	6,6	9,3	3,4	2,5
Madrid	100	23,1	61,8	4,6	5,7	1,8	2,9
Murcia	100	22,5	52,9	6,4	11,4	2,4	4,4
Navarra	100	19,8	61,6	6,9	9,5	1,7	0,5
País Vasco	100	18,4	64,7	3,9	9,4	1,1	2,6
A Ríoxa	100	20,5	64,9	2,9	5,6	3,2	2,9
Ceuta	100	32,4	38,3	12,7	8,5	0,6	7,6
Melilla	100	31,4	41,5	6,4	7,4	9,1	4,1
Mulleres							
España	100	14,5	23,4	36,5	7,2	17,1	1,2
Andalucía	100	15,8	18,1	40,5	7,8	16,7	1,1
Aragón	100	13,9	26,1	34,8	7,9	16,5	0,9
Asturias	100	10,2	25,5	36,1	6,7	20,5	1,0
Baleares	100	16,6	26,0	40,6	3,6	11,9	1,3
Canarias	100	16,3	17,3	39,8	9,0	16,0	1,5
Cantabria	100	12,5	24,3	38,1	6,2	16,7	2,2
Castela e León	100	12,8	22,6	38,4	6,2	19,0	1,1
Castela-A Mancha	100	14,5	11,6	47,3	7,3	18,1	1,2
Cataluña	100	13,8	29,7	32,0	4,5	18,5	1,5
C. Valenciana	100	13,4	27,6	33,4	9,0	15,5	1,2
Estremadura	100	14,2	13,5	41,4	6,5	23,1	1,2
Galicia	100	12,0	35,3	28,3	7,0	16,5	0,8
Madrid	100	16,3	23,9	35,2	7,0	15,9	1,8
Murcia	100	15,3	17,3	42,5	9,7	14,9	0,4
Navarra	100	16,2	25,9	31,1	8,7	17,2	0,8
País Vasco	100	13,5	21,5	35,1	10,0	19,5	0,5
A Ríoxa	100	14,3	22,2	38,4	5,8	18,4	0,9
Ceuta	100	20,9	8,4	47,1	8,4	14,7	0,6
Melilla	100	22,3	6,7	45,9	6,5	17,9	0,6

(1) A categoría "Outras situacións" inclúe aos inactivos/as que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar.

Datos en porcentaxes, respecto da poboación inactiva total de cada comunidade autónoma.

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre.

Cadro 5.9

Poboación inactiva. Por clase de inactividade, sexo e comunidade autónoma. 2016

	Total	Estudante	Xubilado/a ou prexubilado/a	Labores do fogar	Incapacitado/a permanente	Perceptor/a pensión distinta da xubilación (ou prexubilación)	Outras situacións ⁽¹⁾
Homes							
España	100	19,7	60,1	5,8	8,8	2,6	3,0
Andalucía	100	21,7	55,4	6,3	10,9	2,0	3,7
Aragón	100	17,6	68,2	5,2	6,3	1,8	1,0
Asturias	100	14,4	67,1	3,5	8,5	3,7	2,9
Baleares	100	18,2	52,2	13,0	5,6	4,4	6,6
Canarias	100	20,8	50,9	9,0	11,5	3,8	4,1
Cantabria	100	19,6	61,7	3,1	7,4	4,2	3,9
Castela e León	100	16,0	67,3	4,8	7,1	2,3	2,5
Castela-A Mancha	100	20,7	61,8	5,6	7,9	1,3	2,7
Cataluña	100	18,9	61,6	5,0	8,3	3,8	2,4
C. Valenciana	100	19,1	59,5	5,8	10,1	3,0	2,5
Extremadura	100	19,2	58,9	6,7	8,6	2,0	4,5
Galicia	100	15,3	62,9	6,6	9,3	3,4	2,5
Madrid	100	23,1	61,8	4,6	5,7	1,8	2,9
Murcia	100	22,5	52,9	6,4	11,4	2,4	4,4
Navarra	100	19,8	61,6	6,9	9,5	1,7	0,5
País Vasco	100	18,4	64,7	3,9	9,4	1,1	2,6
A Rioxa	100	20,5	64,9	2,9	5,6	3,2	2,9
Ceuta	100	32,4	38,3	12,7	8,5	0,6	7,6
Melilla	100	31,4	41,5	6,4	7,4	9,1	4,1
Mulleres							
España	100	14,5	23,4	36,5	7,2	17,1	1,2
Andalucía	100	15,8	18,1	40,5	7,8	16,7	1,1
Aragón	100	13,9	26,1	34,8	7,9	16,5	0,9
Asturias	100	10,2	25,5	36,1	6,7	20,5	1,0
Baleares	100	16,6	26,0	40,6	3,6	11,9	1,3
Canarias	100	16,3	17,3	39,8	9,0	16,0	1,5
Cantabria	100	12,5	24,3	38,1	6,2	16,7	2,2
Castela e León	100	12,8	22,6	38,4	6,2	19,0	1,1
Castela-A Mancha	100	14,5	11,6	47,3	7,3	18,1	1,2
Cataluña	100	13,8	29,7	32,0	4,5	18,5	1,5
C. Valenciana	100	13,4	27,6	33,4	9,0	15,5	1,2
Extremadura	100	14,2	13,5	41,4	6,5	23,1	1,2
Galicia	100	12,0	35,3	28,3	7,0	16,5	0,8
Madrid	100	16,3	23,9	35,2	7,0	15,9	1,8
Murcia	100	15,3	17,3	42,5	9,7	14,9	0,4
Navarra	100	16,2	25,9	31,1	8,7	17,2	0,8
País Vasco	100	13,5	21,5	35,1	10,0	19,5	0,5
A Rioxa	100	14,3	22,2	38,4	5,8	18,4	0,9
Ceuta	100	20,9	8,4	47,1	8,4	14,7	0,6
Melilla	100	22,3	6,7	45,9	6,5	17,9	0,6

(1) A categoría "Outras situacións" inclúe aos inactivos/as que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar.

Datos en porcentaxes, respecto da poboación inactiva total de cada comunidade autónoma.

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre.

A desagregación en dous grupos de idade dos cadros 5.10 permítenos constatar que no tramo de 20-24 anos, as mulleres inactivas superan os homes inactivos en 100 persoas mentres que, a medida que avanzamos en idade, tamén o facemos en diferenza, ata chegar a unha diferenza de 19.600 inactivas máis no grupo de 55 a 64 anos e a 92.800 no tramo de >65 anos en 2017.

Evidentemente, a incorporación máis igualitaria da muller ao mundo do traballo retribuído vaise producindo nos estratos de poboación máis novos.

Cadro 5.10

Inactivos/as por grupo de idade e sexo. Valores absolutos. Galicia, 2015-2017

	Total			De 16 a 19 anos			De 20 a 24 anos			De 25 a 34 anos			De 35 a 44 anos			De 45 a 54 anos			De 55 a 64 anos			De 65 e máis anos		
	2015	2016	2017	2015	2016	2017	2015	2016	2017	2015	2016	2017	2015	2016	2017	2015	2016	2017	2015	2016	2017	2015	2016	2017
Homes	467,4	467,8	474,3	38,2	41,6	39,4	30,3	26,2	29,9	17,3	16,6	16,3	16,9	13,9	17,9	24,6	23,1	24,7	70,8	72,1	71,1	269,3	274,4	275,1
Mulleres	630,1	627,7	624,1	37,1	38,3	37,5	30,6	31,4	29,8	22,0	21,3	23,8	33,8	31,4	30,2	53,7	49,0	44,3	90,6	88,2	90,7	362,3	368,2	367,9
Galicia	1.097,5	1.095,5	1.098,4	75,3	79,9	76,9	60,9	57,6	59,7	39,3	37,9	40,1	50,7	45,3	48,1	78,3	72,1	69,0	161,4	160,3	161,8	631,6	642,6	643,0

Fonte: INE, 4º trimestre.

5.3.3. Emprego e desemprego

Dentro da poboación activa inclúese tanto a que está a traballar (poboación ocupada) como a que busca emprego activamente (poboación desempregada).

A distribución porcentual da poboación ocupada por sexos e sectores económicos en cada unha das comunidades autónomas figura nos cadros 5.11 e 5.11 bis; neles destacaremos, no referido a Galicia e o total español, que:

-O 82,9% das mulleres en 2016 e o 83,9% en 2017 con emprego en Galicia traballan no sector servizos (en España alcanza o 88,7%).

-A porcentaxe de mulleres que traballan en Galicia no sector agropesqueiro supera o dobre da media española de mulleres, mentres que nos homes só o supera en dous puntos.

-A subrepresentación da muller por sectores económicos é especialmente rechamante na construción, actividade na que só chega ao 1% de ocupación, case igual que a media estatal (1%).

-No capítulo 4 pode comprobarse que a taxa de ocupación da muller en Galicia continúa a estar moi por baixo da masculina.

Cadro 5.11

**Distribución porcentual dos ocupados/as por sector económico,
comunidade autónoma e sexo. 2016**

	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Andalucía					
Homes	100,0	11,9	12,3	9,4	66,4
Mulleres	100,0	5,5	4,6	0,7	89,2
Aragón					
Homes	100,0	10,3	26,3	8,9	54,4
Mulleres	100,0	2,3	8,9	1,0	87,8
Asturias					
Homes	100,0	4,1	25,1	9,5	61,4
Mulleres	100,0	2,8	6,1	1,3	89,8
Baleares					
Homes	100,0	1,4	9,2	18,0	71,4
Mulleres	100,0	—	3,5	1,3	95,2
Canarias					
Homes	100,0	3,5	7,3	9,1	80,0
Mulleres	100,0	1,3	1,6	0,7	96,3
Cantabria					
Homes	100,0	2,9	23,1	11,2	62,8
Mulleres	100,0	1,9	8,5	1,2	88,4
Castela e León					
Homes	100,0	10,3	24,1	11,3	54,2
Mulleres	100,0	2,7	8,6	0,9	87,7
Castela-A Mancha					
Homes	100,0	11,7	20,9	11,3	56,1
Mulleres	100,0	2,8	9,9	1,0	86,2
Cataluña					
Homes	100,0	2,5	24,6	9,8	63,1
Mulleres	100,0	0,7	10,8	1,2	87,2
C. Valenciana					
Homes	100,0	4,2	22,9	9,7	63,2
Mulleres	100,0	1,3	10,0	0,9	87,8
Estremadura					
Homes	100,0	15,5	14,4	11,5	58,6
Mulleres	100,0	4,1	5,2	0,3	90,4
Galicia					
Homes	100,0	8,8	20,7	11,7	58,8
Mulleres	100,0	5,8	10,3	1,1	82,9
Madrid					
Homes	100,0	0,3	12,5	8,4	78,9
Mulleres	100,0	0,2	4,1	1,3	94,4
Murcia					
Homes	100,0	18,2	17,2	8,3	56,3
Mulleres	100,0	6,7	7,4	0,6	85,3
Navarra					
Homes	100,0	6,1	34,7	7,3	51,9
Mulleres	100,0	1,5	14,5	0,4	83,6
País Vasco					
Homes	100,0	2,5	36,0	9,4	52,1
Mulleres	100,0	0,7	8,6	1,4	89,2
A Rioxa					
Homes	100,0	9,2	31,6	7,3	51,9
Mulleres	100,0	2,7	14,5	1,2	81,7
Ceuta					
Homes	100,0	—	3,7	6,1	90,2
Mulleres	100,0	-	1,0	—	99,0
Melilla					
Homes	100,0	-	5,1	3,9	91,1
Mulleres	100,0	-	4,0	2,5	93,4
España					
Homes	100,0	6,2	19,3	9,9	64,6
Mulleres	100,0	2,3	7,5	1,0	89,2

Datos en porcentaxe.
Fonte: INE, EPA, 4º trimestre.

Cadro 5.11 bis

**Distribución porcentual dos ocupados/as por sector económico,
comunidade autónoma e sexo. 2017**

	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Andalucía					
Homes	100,0	12,1	12,1	9,4	66,5
Mulleres	100,0	5,5	4,6	0,6	89,2
Aragón					
Homes	100,0	9,1	27,9	8,8	54,1
Mulleres	100,0	2,7	9,8	1,1	86,4
Asturias					
Homes	100,0	5,5	22,7	10,1	61,7
Mulleres	100,0	3,2	5,5	1,0	90,3
Baleares					
Homes	100,0	1,7	11,7	15,6	71,0
Mulleres	100,0	0,3	5,7	2,2	91,8
Canarias					
Homes	100,0	3,3	6,0	9,2	81,5
Mulleres	100,0	2,0	1,8	0,7	95,4
Cantabria					
Homes	100,0	4,9	24,0	10,4	60,8
Mulleres	100,0	1,4	5,9	1,1	91,5
Castela e León					
Homes	100,0	9,0	25,0	11,7	54,3
Mulleres	100,0	2,7	8,5	1,2	87,6
Castela-A Mancha					
Homes	100,0	11,0	21,2	12,1	55,7
Mulleres	100,0	2,9	9,1	1,3	86,8
Cataluña					
Homes	100,0	2,5	25,4	10,7	61,4
Mulleres	100,0	0,6	11,4	1,6	86,5
C. Valenciana					
Homes	100,0	4,0	24,5	10,4	61,1
Mulleres	100,0	1,3	10,8	0,8	87,1
Estremadura					
Homes	100,0	19,7	12,1	10,1	58,1
Mulleres	100,0	5,5	4,2	0,3	90,0
Galicia					
Homes	100,0	8,4	22,4	11,1	58,1
Mulleres	100,0	5,4	9,9	0,8	83,9
Madrid					
Homes	100,0		12,6	8,8	78,7
Mulleres	100,0	0,1	5,1	1,5	93,2
Murcia					
Homes	100,0	17,1	16,3	8,8	57,7
Mulleres	100,0	6,6	6,6	1,8	85,0
Navarra					
Homes	100,0	5,5	38,6	10,0	46,0
Mulleres	100,0	2,1	13,8	1,5	82,6
País Vasco					
Homes	100,0	1,1	33,8	8,7	56,4
Mulleres	100,0	0,6	10,6	1,2	87,6
A Rioxa					
Homes	100,0	4,7	32,3	9,5	53,5
Mulleres	100,0	2,1	17,3	0,6	80,0
Ceuta					
Homes	100,0		2,4	6,7	90,9
Mulleres	100,0	-	1,1		98,9
Melilla					
Homes	100,0	1,1	3,5	6,1	89,3
Mulleres	100,0	0,9	2,0	1,3	95,7
España					
Homes	100,0	6,0	19,6	10,1	64,3
Mulleres	100,0	2,3	7,9	1,2	88,7

Datos en porcentaxe.
Fonte: INE, EPA, 4º trimestre.

As taxas de paro en cada unha das comunidades españolas e a desagregación por sexos figuran no cadro 5.12, que mostra que:

-A taxa de paro das mulleres é 1 punto superior á dos homes en Galicia e con 3 puntos de diferenza por debaixo da media española en 2017.

- As taxas de desemprego feminino son especialmente altas en Ceuta, Melilla, Andalucía e Extremadura.

- A taxa de desemprego feminino máis baixa tena País Vasco e o seu valor é 12,64% e 10,63% en 2016 e 2017 respectivamente, seguida de Baleares.

Cadro 5.12

Taxa de desemprego. Por sexo e comunidade autónoma. 2017-2016

	2017		2016	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
España	14,97	18,35	17,22	20,25
Andalucía	21,63	27,85	25,70	31,38
Aragón	8,79	14,41	11,45	16,01
Asturias	13,99	15,32	14,96	14,19
Baleares	13,77	11,23	12,95	14,76
Canarias	20,02	24,32	23,45	26,55
Cantabria	13,05	13,98	12,62	13,20
Castela-A Mancha	11,29	16,61	13,27	16,67
Castela e León	15,53	25,12	18,62	26,75
Cataluña	11,85	13,49	13,91	15,89
C. Valenciana	14,77	19,07	17,49	21,02
Extremadura	21,22	30,10	24,27	33,47
Galicia	14,25	15,21	15,63	17,00
Madrid	13,00	14,53	14,15	15,08
Murcia	15,05	19,94	15,64	22,31
Navarra	7,84	11,69	9,23	10,90
País Vasco	10,52	10,63	11,95	12,64
A Ríoxa	9,45	13,94	9,19	12,89
Ceuta	20,13	33,54	18,93	27,28
Melilla	20,46	30,67	21,81	35,32

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre.

Cadro 5.13

Taxa de paro. Por idades e sexos. Galicia. 2016-2017

	2016		2017	
	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos
Homes	4.976	89.377	4.525	76.973
Mulleres	4.415	107.146	4.185	99.330

Datos: decembro 2017.

Fonte: SEPE.

A desagregación por grupos de idade do desemprego de Galicia reflíctese no cadro 5.13.

5.4. Demandas de emprego e paro rexistrado

Demandantes son os traballadores e traballadoras que se inscriben nos servizos públicos de emprego para a busca dun emprego ou mellorar o que posúen, para recibir outros servizos alleos ao emprego (orientación para o autoemprego, formación ocupacional...) ou pola obrigatoriedade de inscribirse para recibir unha prestación por desemprego, subsidio, renda activa de inserción ou calquera tipo de prestación ou axuda.

As persoas demandantes de emprego clasifícanse en determinados colectivos de pertenza e así se calcula por exclusión a cifra de paro rexistrado, ao poder reunir a demanda dunha traballador/a dous ou máis situacións. Estableceuse a seguinte orde de preferencia contabilizándose un demandante no primeiro colectivo que aparece:

- Persoas demandantes inscritas sen dispoñibilidade
- Persoas demandantes de emprego non paradas:
 - Persoas demandantes con baixa dispoñibilidade para o emprego
 - Persoas demandantes ocupadas ou con relación laboral
 - Persoas demandantes dun emprego específico
 - Outras persoas demandantes sen emprego/non ocupados
- Persoas demandantes de emprego paradas

Cadro 5.14

Parados/as. Por idade e sexo. Galicia. 2016-2017 en miles

	2016			2017		
	Nº parados/as			Nº parados/as		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
16 a 19	2,00	1,90	3,90	1,80	2,40	4,20
20 a 24	9,80	11,50	21,30	7,60	9,20	16,80
25 a 29	12,60	13,30	25,90	10,90	10,90	21,80
30 a 34	14,30	12,90	27,20	11,20	10,90	22,10
35 a 39	16,10	13,80	29,90	13,70	14,00	27,70
40 a 44	15,50	13,70	29,20	16,10	12,00	28,10
45 a 49	14,20	14,30	28,50	14,40	12,70	27,10
50 a 54	11,00	11,60	22,60	10,20	9,20	19,40
55 a 59	7,90	10,90	18,80	8,20	10,50	18,70
60 a 64	3,30	4,80	8,10	3,90	5,50	9,40
65 e mais	0,10	0,10	0,20	0,30	0,10	0,40
Total	106,80	108,80	215,60	98,30	97,40	195,70

Fonte: IGE-INE, EPA.

As demandas de emprego pendentes de demandantes en paro foron 215,60 en 2016 e 195,70 en 2017 segundo a información da Enquisa de poboación activa. Deles o 50,46% (2016) e o 49,77% (2017) correspondía ao colectivo de homes (España

44,35% e 46,89%) e 49,53% (2016) e 50,23% (2017) ao de mulleres (España 55,63% e 53,10%). Por tramos de idade, no grupo de mulleres, son as de entre 35-44 anos as que máis demandas acumulan ao igual que os homes.

Destaca a mellor posición do grupo feminino en Galicia en relación con España.

Cuadro 5.15

Demandas de emprego pendentes segundo xénero e nivel de estudos rematados.

Galicia. 2016-2017

Total	Homes		Mulleres	
	2016	2017	2016	2017
	96.415	85.380	116.143	109.048
Analfabetos	5.088	4.612	5.085	4.920
Estudos primarios incompletos	7.594	6.953	7.735	7.437
Estudos primarios completos	13.781	12.061	13.929	12.917
Estudos secundarios	57.188	50.127	62.846	58.870
Técnico-profesional superior	6.182	5.629	10.699	10.055
Primeiro ciclo	2.197	1.797	5.880	5.256
Segundo e terceiro ciclo	4.349	4.168	9.868	9.504
Outros	36	32	100	89

Fonte: IGE.

Centrándonos no nivel de estudos as diferenzas non son tan apreciáveis xa que nos dous grupos, é o colectivo de "Estudos secundarios", o que acumula o maior número de demandas pendentes. As mulleres 54% e homes tamén 54%. As mulleres con educación superior teñen un peor comportamento chegando ao 8,5% (2017), fronte ao 5% (2017) de homes.

Cadro 5.16

Demandas de emprego pendentes de demandantes parados/as. Segundo grupo principal de ocupación. Por provincias. Decembro 2016-2017

	2016								2017							
	Homes				Mulleres				Homes				Mulleres			
	A Coruña 2016	Lugo 2016	Ourense 2016	Pontevedra 2016	A Coruña 2016	Lugo 2016	Ourense 2016	Pontevedra 2016	A Coruña 2017	Lugo 2017	Ourense 2017	Pontevedra 2017	A Coruña 2017	Lugo 2017	Ourense 2017	Pontevedra 2017
A Directores/as e xerentes	440	75	86	386	216	30	25	174	423	62	80	364	199	28	21	154
B Técnicos/as e prof. saúde e ensino	467	138	132	382	1.708	462	462	1.510	434	139	114	371	1.664	444	473	1.426
C Outros tec. científicos e intelect.	2.391	485	480	1.862	3.515	654	659	2.569	2.189	448	435	1.708	3.339	623	626	2.405
D Técnicos/as profesionais de apoio	4.247	637	891	4.459	3.363	724	724	3.415	3.785	765	835	4.060	3.163	692	672	3.187
E Empregados/as oficina non públicos	1.472	365	407	1.522	4.823	1.136	1.279	4.938	1.416	359	391	1.413	4.425	1.060	1.191	4.574
F Empregados/as oficina públicos	306	54	68	291	1.446	254	319	1.315	302	52	66	305	1.396	247	298	1.258
G Trab. servizos restaur.e comercio	2.822	700	854	2.756	11.559	3.154	3.360	12.552	2.729	682	844	2.667	11.081	3.018	3.213	11.804
H Trab. serv. saúde	440	93	132	429	4.517	1.480	1.662	4.462	406	96	117	401	4.231	1.375	1.513	4.232
I Trab. serv. prot. e seg.	714	292	290	622	104	77	47	126	646	269	258	547	93	70	39	115
J Trab. cualificados agricul. gande.	1.451	432	498	1.436	417	162	224	721	1.299	388	456	1.290	387	155	211	663
K Trab. cual. construción	7.513	1.949	1.956	7.708	98	24	25	112	6.218	1.630	1.627	6.396	83	20	22	95
L Trab. cual. industrias. manufact.	4.474	1.053	1.003	4.562	1.416	236	238	1.912	3.806	910	858	3.763	1.355	223	211	1.753
M Operador/a instal. e maquin.	796	246	309	853	2.342	114	530	1.284	657	217	250	724	2.153	101	464	1.160
N Conductor/a operador/a maquin. móbil	2.759	1.148	1.066	2.904	144	60	39	255	2.332	963	888	2.448	130	51	37	237
O Trab. non cualificado servizos	1.255	209	263	1.004	7.622	1.965	2.502	8.030	1.158	203	252	976	7.210	1.878	2.341	7.430
P Pedóns/as agricultura e construción	6.251	1.909	2.310	6.665	1.987	438	830	3.558	5.603	1.733	2.095	6.014	1.839	421	764	3.294
Q Ocupacións militares	18	4	6	22	4	1	1	9	19	3	3	27	3	1	1	4
TOTAL	37.816	9.989	10.751	37.863	45.281	10.991	12.926	46.942	33.422	8.919	9.569	33.474	42.751	10.407	12.097	43.791

Fonte: SEPE.

Por grupo principal de ocupación segundo os datos do SEPE, as mulleres demandantes de emprego paradas, solicitan en maior número as seguintes ocupacións:

- Traballadoras de servizos de restauración e comercio

- Traballadoras non cualificadas de servizos
- Traballadoras de servizo saúde
- Empregada de oficina non pública

No colectivo masculino, a profesión máis demandada segue sendo traballadores cualificados da construción, seguida de peóns agrícolas e de construción. Estas seguen sendo profesións reservadas aos homes.

Cadro 5.17

Parados/as. Por actividade económica e sexo. Galicia. 2016-2017

	Nº parados/as			
	Homes		Mulleres	
	2016	2017	2016	2017
O. Sen emprego anterior	5.689	5.505	11.757	11.000
A Agricultura, gandería, caza e silvicultura e pesca	5.733	5.076	2.209	2.052
B Industrias extractivas	402	280	118	95
C Industria manufacturera	12.182	10.564	11.909	10.808
D Subministración enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	83	78	29	23
E Subministración de auga, act. de saneamento, xestión residuos e descontaminación	588	527	254	232
F Construción	21.947	17.587	2.439	2.115
G Comercio, reparación vehículos motor e motocicletas	10.835	9.628	19.540	18.161
H Transporte e almacenamento	4.794	4.294	1.833	1.687
I Hostalaría	7.355	6.912	17.905	16.962
J Información e comunicacións	1.315	1.231	1.467	1.355
K Actividades financeiras e de seguros	557	647	826	817
L Actividades inmobiliarias	240	217	437	418
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	3.085	2.713	5.087	4.585
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	8.332	7.779	12.703	12.208
O Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	7.200	6.615	7.124	6.750
P Educación	1.782	1.684	4.068	3.905
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	968	920	7.058	6.671
R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	1.927	1.842	1.660	1.598
S Outros servizos	1.193	1.081	4.381	4.046
T Actividades fogares como empregadores p. doméstico; como produtores uso propio	185	184	3.308	3.529
U Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	23	19	30	30
Total	96.415	85.383	116.142	109.047

Fonte: IGE.

En canto á sección da actividade económica hai que destacar a actividade de comercio (16,65% en 2017) como a máis demandada, seguida de hostalaría con 15,55% en 2017, actividades administrativas e servizos auxiliares con 11,19% e industrias manufacturieras. En España en primeiro lugar aparece comercio, seguida hostalaría e de actividades administrativas.

Ao igual que vimos coas ocupacións máis demandadas, é a construción a sección de actividade económica onde o colectivo de homes concentra en maior medida as súas expectativas laborais, cun 20,60% en 2017, seguido da actividade de industrias manufacturieras e comercio.

Aínda que se aprecian actividades económicas igualmente demandadas por homes e mulleres, seguen existindo outras reservadas case exclusivamente ás mulleres, como actividades sanitarias e de servizos sociais, hostalaría e educación.

Cadro 5.18

Demandas de emprego pendentes de demandantes parados/as. Segundo idade e duración da demanda e sexo. Por provincias. Decembro 2016-2017

	2016					2017				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
HOMES										
> 25 anos										
< 1 mes	426	129	146	441	1.142	416	131	141	440	1.128
De 1 a <= 6 meses	968	294	347	1.063	2.672	903	267	316	974	2.460
De > 6 meses a <= 1 ano	280	86	104	325	795	232	66	81	260	639
De máis de 1 ano	316	83	93	331	823	247	77	74	242	640
Total	1.990	592	690	2.160	5.432	1.798	541	612	1.916	4.867
< 25 anos										
< 1 mes	4.041	989	961	4.205	10.196	3.735	945	936	3.845	9.461
De 1 a <= 6 meses	10.091	2.617	2.727	10.532	25.967	9.049	2.376	2.496	9.313	23.234
De > 6 meses a <= 1 ano	4.912	1.334	1.426	5.398	13.070	4.329	1.170	1.200	4.470	11.169
De máis de 1 ano	16.782	4.458	4.946	15.567	41.753	14.509	3.885	4.323	13.929	36.646
Total	35.826	9.398	10.060	35.702	90.986	31.622	8.376	8.955	31.557	80.510
Total	37.816	9.990	10.750	37.862	96.418	33.420	8.917	9.567	33.473	85.377
MULLERES										
> 25 anos										
< 1 mes	406	110	125	400	1.041	421	115	125	374	1.035
De 1 a <= 6 meses	913	241	288	929	2.371	880	240	277	792	2.189
De > 6 meses a <= 1 ano	285	84	86	305	760	268	85	89	232	674
De máis de 1 ano	299	97	88	305	789	266	91	79	264	700
Total	1.903	532	587	1.939	4.961	1.835	531	570	1.662	4.598
< 25 anos										
< 1 mes	4.159	1.101	1.049	4.250	10.559	4.067	1.071	1.028	4.148	10.314
De 1 a <= 6 meses	11.045	5.886	2.974	11.443	31.348	10.680	2.766	2.872	10.738	27.056
De > 6 meses a <= 1 ano	6.112	1.519	1.728	6.497	15.856	5.959	1.488	1.635	5.948	15.030
De máis de 1 ano	22.065	4.952	6.589	22.816	56.422	20.211	4.552	5.991	21.297	52.051
Total	43.381	13.458	12.340	45.006	114.185	40.917	9.877	11.526	42.131	104.451
Total	45.284	13.990	12.927	46.945	119.146	42.752	10.408	12.096	43.793	109.049

Fonte: SEPE.

As mulleres maiores de 25 anos representan o 54,76% en 2016 e 56,65% en 2017 (en España 56,50% en 2016 e 58,08% en 2017) das demandas pendentes de demandantes en paro fronte ao 45,43 en 2016 e 43,37% en 2017% dos homes (43,49% en 2016 e 41,91% en 2017 en España). O 47,17% en 2016 e 47,18% en 2017 das mulleres maiores de 25 anos permanecen máis dun ano como demandantes de emprego (43,69% en 2016 e 43,64 en 2017 en homes).

Cadro 5.19

Baixas de demandas de emprego. Segundo causa da baixa. Por sexo e por provincias. Decembro 2016-2017

	2016					2017				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
HOMES										
Baixas por colocación										
Total	91.721	23.458	22.213	96.311	233.703	84.800	22.620	21.605	91.978	221.003
Por Colocación	55.820	14.508	13.341	59.583	143.252	55.989	14.803	14.013	60.877	145.682
Total	147.541	37.966	35.554	155.894	376.955	140.789	37.423	35.618	152.855	366.685
MULLERES										
Total	94.696	25.602	24.124	100.016	244.438	89.835	24.519	23.016	94.994	232.364
Por colocación	54.653	15.404	13.740	55.812	139.609	55.879	15.868	14.147	56.671	142.565
Total	149.349	41.006	37.864	155.828	384.047	145.714	40.387	37.163	151.665	374.929

Fonte: SEPE.

Para finalizar faremos unha referencia ás baixas na demanda de emprego. As baixas por colocación representa o 57,11% en 2016 e 58,21% en 2017 (España 57%) no grupo de mulleres, fronte ao 61,30% en 2016 e 65,92% en 2017 no dos homes.

5.5. Contratos de traballo

No capítulo 7, dedicado á contratación, móstranse os datos facilitados polo SEPE por tipos de contratos e sexo, que servirán como información complementaria para este capítulo.

En 2016 a contratación feminina supuxo o 47,73% do total da contratación e un 47,68 en 2017, tanto de contratos iniciais, como conversión en indefinidos e adscricións en colaboración social. Se o distribuímos, os contratos iniciais supuxeron o 47,77% en 2016 e 47,75% en 2017 e as conversións o 46,44% en 2016 e 45,68% en 2017 do total de ambos os dous sexos, sempre por debaixo da contratación masculina.

Cadro 5.20

Contratos rexistrados segundo xénero e modalidade. Galicia 2016-2017

	2016		2017	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
TOTAL CONTRATOS				
Total contratos rexistrados	450.596	493.518	486.835	534.127
Total contratos iniciais	437.365	478.263	471.580	516.000
Conversións a indefinidos	13.231	15.255	15.255	18.127
ANALFABETOS				
Total contratos rexistrados	12.002	23.562	12.592	22.619
Total contratos iniciais	11.708	23.104	12.190	22.133
Conversións a indefinidos	294	458	402	486
ESTUDOS PRIMARIOS				
Total contratos rexistrados	89.199	118.661	100.277	135.691
Total contratos iniciais	86.619	115.179	97.120	131.132
Conversións a indefinidos	2.580	3.482	3.157	4.559
ESTUDOS SECUNDARIOS				
Total contratos rexistrados	277.160	302.383	293.745	321.549
Total contratos iniciais	269.620	293.424	285.349	311.219
Conversións a indefinidos	7.540	8.959	8.396	10.330
ESTUDOS SUPERIORES				
Total contratos rexistrados	71.129	48.860	79.222	54.211
Total contratos iniciais	68.312	46.504	75.922	51.459
Conversións a indefinidos	2.817	2.356	3.300	2.752
SEN CLASIFICAR				
Total contratos rexistrados	1.106	52	999	57
Total contratos iniciais	1.106	52	999	57
Conversións a indefinidos	0	0	0	0

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Se facemos unha análise por nivel de formación, observamos que a contratación feminina é inferior á masculina en todos os niveis agás no de estudos superiores chegando ao 59,37% en 2016 e 59,275 en 2017.

Outra característica dos contratos concertados con mulleres é que o son maioritariamente no sector servizos.

Segundo o seguinte cadro o 86% en 2017 das mulleres traballadoras galegas exercen a súa profesión no sector servizos. O segundo sector de importancia é a industria

onde traballa o 12% en 2017. Na agricultura e construción a representación feminina é moi escasa.

Cadro 5.21

**Contratos rexistrados nos catro grandes sectores de actividades económicas
(clasificación CNAE 2009) por sexo. Galicia. 2016-2017**

	Mulleres		Homes	
	2016	2017	2016	2017
Agricultura	4.880	5.601	24.618	26.157
Industria	52.690	58.829	85.565	96.002
Construción	2.174	2.305	44.573	44.529
Servizos	390.852	420.100	338.762	367.439
Total	450.596	486.835	493.518	534.127

Fonte: IGE.

O sector servizos é o único onde a contratación feminina supera a masculina representando un 53,5% tanto en 2016 como en 2017 do total dos contratos realizados neste sector. Dentro deste sector, a actividade de comercio e hostalaría, concentran maior número de mulleres traballadoras do total do sector servizos con 390.852 (2016) e 420.100 (2017) contratacións.

Cadro 5.22

Contratos sectoriais por seccións (clasificación CNAE) e sexo. Galicia. 2016-2017

	2016			2017		
	Muller	Home	Total	Muller	Home	Total
A Agricultura, gandería, caza e silvicultura e pesca	4.880	24.618	29.498	5.601	26.157	31.758
B Industrias extractivas	39	693	732	36	695	731
C Industria manufacturera	51.652	80.942	132.594	57.927	91.712	149.639
D Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	41	361	402	45	333	378
E Subministración de auga, act. saneamento, xestión residuos, descont.	958	3.569	4.527	821	3.262	4.083
F Construción	2.174	44.573	46.747	2.305	44.529	46.834
G Comercio, reparación vehículos motor e motocicletas	66.046	44.952	110.998	71.869	47.846	119.715
H Transporte e almacenamento	14.266	73.564	87.830	16.621	75.919	92.540
I Hostalaría	114.977	94.856	209.833	128.746	105.935	234.681
J Información e comunicacións	6.902	8.561	15.463	7.636	10.915	18.551
K Actividades financeiras e de seguros	3.189	1.655	4.844	3.855	1.725	5.580
L Actividades inmobiliarias	644	486	1.130	733	383	1.116
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	14.166	11.596	25.762	14.294	13.097	27.391
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	46.754	31.670	78.424	46.753	35.132	81.885
O Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	12.148	8.225	20.373	12.288	8.382	20.670
P Educación	21.033	10.467	31.500	22.193	10.876	33.069
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	39.156	7.416	46.572	40.167	7.654	47.821
R Actividades artísticas recreativas e de entretemento	23.093	38.023	61.116	27.097	42.050	69.147
S Outros servizos	18.336	6.758	25.094	17.166	6.918	24.084
T Actividades fogares como empregadores p. doméstico; como produtores uso propio	10.075	505	10.580	10.529	492	11.021
U Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	67	28	95	153	115	268
Total	450.596	493.518	944.114	486.835	534.127	1.020.962

Fonte: SEPE.

A distribución do emprego feminino está moi ligada ás ocupacións que desempeñan, por iso é importante analizar como se distribúen os empregos segundo a ocupación.

Se ben é certo que hai pouca representación de mulleres en postos de dirección de empresas, só o 40,5% fronte ao 59,5% de homes, as porcentaxes igúalanse en técnicas e profesionais de saúde (74%) e traballadoras de servizos de saúde (82,5%). O maior número de mulleres con formación superior ou universitaria está a ter reflexo no mercado de traballo, e a medio ou longo prazo ten que repercutir en que pasen a ocupar postos de dirección e polo tanto, tamén repercutan nos niveis salariais.

Outro grupo de ocupación con gran representación feminina é o das empregadas en servizos de restauración e comercio, representando o 57,5% do total das persoas contratadas.

Entre os traballadores cualificados da construción a presenza da muller é moi escasa, e no grupo de traballadoras de agricultura a representación masculina tamén é moi superior á feminina.

Podemos concluír que, no referente aos grupos de ocupación existen dúas tendencias:

- Un grupo maioritario que desempeña as súas funcións como empregada administrativa, ou como traballadora de servizos de restauración, persoais e do comercio.
- Un grupo minoritario, que grazas á obtención dun título universitario, ocupan postos como técnicas e profesionais en saúde e ensino e outras técnicas científicas e intelectuais.

Como expuxemos ao inicio deste apartado, a contratación masculina foi superior á feminina e foino especialmente nos contratos indefinidos ordinarios, onde a contratación feminina supuxo o 46% e nos indefinidos a tempo parcial chegou ao 69.7%.

Cadro 5.23

Tipoloxía contractual por sexo . Ano 2016-2017

	2016		2017	
	Muller	Home	Muller	Home
Indefinido (bonificado/ non bonificado)	20.156	22.006	21.526	25.200
Obra ou servizo	125.569	184.929	132.510	195.237
Eventual circunstancias da produción	215.112	225.813	244.166	254.815
Interinidade	66.285	27.326	63.929	25.625
Prácticas	3.061	3.073	2.963	3.066
Formación	1.859	1.691	1.739	1.450
Outros	5.323	13.425	4.747	10.607
Conversión a Indefinidos	13.231	15.255	15.255	18.127
Total	450.596	493.518	486.835	534.127

Fonte: SEPE.

A contratación segundo modalidade e sexo pódese consultar nos cadros do capítulo 7.

Hai determinadas modalidades de contratación con maior peso feminino e outras onde o peso dos homes é moito maior. Entre os claramente femininos destacar os de interinidade (71%) e os que se realizan a tempo parcial, tanto indefinidos coma temporais.

Este ano, de novo, o contrato para a formación realizado a mulleres (54,53% 2016 e 52,37% 2017) supera os concertados con homes e o de prácticas chega ao 49,15% despois de varios anos de superioridade feminina.

Os contratos temporais, tanto a xornada completa como parcial, alcanzan no colectivo feminino o 92,44% da contratación a mulleres, superando ao colectivo masculino que chega ao 91,88%. Nos dous grupo redúcese a porcentaxe de contratos temporais en relación cos anos anteriores.

Os contratos indefinidos, tanto a xornada completa como parcial, supuxeron o 4,4% nas mulleres nos dous anos e o 4,7% (2016) e 4,4% (2017) nos homes e as conversións en indefinidos distáncianse do grupo de homes chegando ao 46,4% en 2016 e ao 45,7 en 2017 para o colectivo feminino.

Mantense a tendencia dos últimos anos onde a contratación feminina está caracterizada por un maior uso de contrato a tempo parcial, aínda que hai que destacar o aumento da parcialidade no grupo de homes.

5.6. Formación

Outro factor importante a ter en conta na inserción da muller no mundo do traballo é, sen dúbida, a formación académica á que accede o alumnado feminino como fase previa ao seu acceso ao mercado laboral.

Neste apartado imos tratar a formación regrada. Dentro da formación regrada centrarémonos nos ciclos formativos de grao superior, bacharelato e titulacións universitarias, por consideralos máis significativos, e para iso imos utilizar os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

No alumnado matriculado nos ciclos formativos de grao superior, observamos que o 45,3% (2016) e 45,3% (2017) eran mulleres, porcentaxe inferior á dos homes seguindo a tendencia dos últimos anos.

Cadro 5.24

**Alumnado matriculado en ciclo formativo de FP grao superior,
por sexo. Curso 2016/2017. Galicia-España**

	2016			2017		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia	17.027	9.132	7.715	17.104	9.447	7.657

Unidade: nº de alumnos/as.

Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O alumnado matriculado en bacharelato, segundo o IGE, mostra que as mulleres matriculadas representan en Galicia o 53% (2016) e 52,8% (2017), máis de 5 puntos á

media masculina do 47%, confirmándose novamente a necesidade dunha maior formación do colectivo feminino para enfrontarse ao mundo do traballo.

Cadro 5.25

Ensinanza non universitaria. Alumnado matriculado en bacharelato, por sexos. Curso 2016-2017. Galicia

	2016			2017		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Galicia	31.159	14.702	16.457	31.137	14.640	16.497

Unidades: nº de alumnos/as.

Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Cadro 5.26

Abandono educativo temperán. Poboación entre 18 e 24 anos (ambos inclusive) que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa e non segue ningún tipo de formación (regrada ou non regrada). Galicia

	Total	Homes	Mulleres
2010	23,1	27,8	18,3
2011	20,8	25,5	15,8
2012	23,1	27,1	18,8
2013	20,4	25,0	15,4
2014	18,5	21,7	15,2
2015	17,0	21,9	11,9
2016	15,2	19,1	11,2
2017	14,9	17,9	11,8

Unidades: porcentaxes.

Fonte: IGE-INE, EPA.

O abandono educativo temperán dos que non completaron o nivel de educación secundaria e non seguen ningunha formación, é sensiblemente superior nos homes, superando en 8 puntos ás mulleres en 2016 e en 6 puntos en 2017. Tal vez as dificultades que ten a muller para iniciarse no mercado laboral, sexa unha das razóns para que persistan na súa formación académica.

No ensino universitario en Galicia, segundo o INE, para o curso 2016, o alumnado feminino era superior ao masculino, chegando ao 55%.

Cadro 5.27**Alumnado matriculado en ensino universitario,
Segundo rama de coñecemento e sexo. Curso 2016. Galicia**

	Total	Mulleres
Total	53.710	29.503
Ciencias da saúde	9.311	6.821
Ciencias	4.084	2.214
Ciencias sociais e xurídicas	22.784	13.847
Enxeñaría e arquitectura	13.156	3.700
Artes e humanidades	4.375	2.921

Unidades: nº de alumnos/as.

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A porcentaxe media do 55% varía moito segundo a especialidade elixida:

As especialidades nas que é significativamente maior o número de mulleres son:

- Ciencias da saúde
- Ciencias sociais e xurídicas
- Arte e humanidades

A especialidade con máis baixa representación feminina é a de enxeñaría e arquitectura.

Como se pode observar, seguen existindo titulacións e especialidades reservadas case exclusivamente ás mulleres, aínda que parece que pouco a pouco vanse producindo movementos cara a outras áreas.

Cadro 5.28**Estudantes titulados/as nas universidades galegas por
sexo. Curso 2016 - 2017 Galicia**

	Total	Mulleres	% de Mulleres
Titulados/as universitarios/as	9.023	5.410	60

Unidades: nº de alumnos/as.

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

É moi significativo constatar que do alumnado que finaliza os seus estudos universitarios no ano 2016 o 60% son mulleres.

É de destacar que se ben o 55% das persoas matriculadas eran mulleres, do total de alumnas e alumnos que finalizaron os seus estudos, o colectivo feminino supuxo o 60%, fronte ao 40% de homes.

5.7. Poder e toma de decisións

A idea de participación equilibrada de homes e mulleres nos procesos de toma de decisións incorporouse progresivamente en recomendacións de Nacións Unidas,

Unión Europea e Consello de Europa. Este último, adoptou a recomendación dunha participación feminina non inferior ao 40% en calquera órgano de decisión para alcanzar o devandito equilibrio, e esa porcentaxe foi establecida como mínimo na lexislación nacional, por medio da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, para alcanzar unha composición equitativa en todos os ámbitos claves da toma de decisións.

Cadro 5.29

Distribución por sexo de altos cargos da Administración do Estado en porcentaxe de mulleres 2012/2016

	2012	2013	2014	2015	2016
Total	32,59	32,01	32,67	31,23	28,46
Ministras	30,77	30,77	30,77	30,77	38,46
Secretarías do Estado	22,58	20,00	26,67	20,00	34,62
Subsecretarías	32,79	33,33	32,81	33,87	28,57
Directoras xerais	32,05	32,30	31,48	30,19	26,39
Altos cargos sen rango concreto	40,38	38,39	37,84	40,54	

Fonte: elaboración do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades, a partir dos datos facilitados polo Ministerio de Facenda e Función Pública.

En 2016 a representatividade que teñen as mulleres nos altos cargos da Administración do Estado chegou ao 28,46%, descendendo aos niveis de anos anteriores. Nas Secretarías de Estado só se alcanza o 34,62% e nos/as ministros/as o 38,42%.

Cadro 5.30

Mulleres no Goberno en %

	2018 (marzo)	2016	2015	2011	2010	2009	2008	2007	2006	2005	2004	2003 ⁽¹⁾	2003	2002	2000
Partido no Goberno	PP	PP	PP	PP	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PP	PP	PP	PP
Ambos sexos	14	14	14	13	15	17	17	16	16	16	16	16	16	16	17
% de mulleres	35,71	35,71	28,47	30,77	46,67	52,94	52,94	43,75	50	50	50	31,25	25	18,75	17,65

(1) Setembro 2003-agosto 2004.

Fonte: Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades a partir de datos publicados na web do Goberno de España.

Outra mostra do papel da muller no poder e toma de decisións, é a súa presenza no Goberno. Neste cadro pódese ver a evolución da representación da muller dende 1982, pasando de cero, ata alcanzar o 52,94% en 2008 e 2009. No ano 2011 produciuse unha redución, quedando a participación feminina nun 30,77% e en 2016 chega ata o 35,71%.

Cadro 5.31**Composición dos Parlamentos autonómicos. 2010-2016**

	2010	2011	2012	2015	2016
	% Mulleres	% Mulleres	% Mulleres	% Mulleres	% Mulleres
Total	42,2	43,1	43,2	44,6	45,1
Andalucía	45,9	45,9	47,7	49,5	49,5
Aragón	35,8	32,8	32,8	47,8	47,8
Asturias	33,3	42,2	42,2	48,9	48,9
Baleares	49,2	45,8	45,8	47,5	47,5
Canarias	40,0	36,7	36,7	53,3	53,33
Cantabria	40,5	43,6	43,6	38,9	38,9
Castela e León	43,4	66,7	66,7	41,7	41,7
Castela-A Mancha	53,2	46,9	46,9	42,4	42,4
Cataluña	41,5	41,5	40,0	40,0	39,3
C. Valenciana	45,5	40,4	40,4	44,4	44,4
Estremadura	40,0	40,0	40,0	47,7	47,7
Galicia	40,0	40,0	40,0	40,0	45,3
Madrid	42,5	44,2	44,2	42,6	42,6
Murcia	39,1	40,0	40,0	35,6	35,6
Navarra	38,0	34,0	34,0	48,0	48,0
País Vasco	45,3	39,4	49,3	49,3	53,3
A Rioxa	39,4	45,3	39,4	45,5	45,5
Ceuta	40,0	40,0	40,0	40,0	40,0
Melilla	40,0	40,0	40,0	40,0	40,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos Parlamentos autonómicos.

A representación da muller nos Parlamentos autonómicos alcanzou en 2016 unha media do 45,08%.

A maior presenza feminina dáse en Canarias e País Vasco co 53,3%, e a menor en Murcia co 35,6%.

En Galicia a representación é do 45,3%.

Cuadro 5.32**Participación de Mulleres na Comisión Europea. 2017**

	Ambos sexos	% Mulleres
	27	29,63
Total		
Presidencia	1	0,00
Vicepresidencias	6	16,67
Vicepresidencia primera	1	0,00
Alta representante	1	100,00
Vicepresidentas	4	0,00
Comisarias	20	35,00

Fonte: Secretaría de Estado de Igualdade.

A participación das mulleres na Comisión Europea tampouco é moi superior, co 16,67% nas vicepresidencias e o 35% nas comisarias.

Cadro 5.33**Participación de mulleres no Parlamento europeo.
2016-2017**

	% Mulleres 2016	% Mulleres 2017
UE-28	26,83	27,94
Alemaña	40,00	43,75
Austria	28,57	24,43
Bélxica	28,57	21,43
Bulgaria	42,11	30,00
Chipre	8,33	9,09
Croacia	14,29	19,05
Dinamarca	33,33	40,91
Eslovaquia	0,00	13,33
Eslovenia	47,06	47,06
España	28,57	35,71
Estonia	13,33	26,67
Finlandia	35,71	35,71
Francia	47,37	50,00
Grecia	0,00	17,65
Hungría	0,00	0,00
Irlanda	26,67	29,41
Italia	41,18	26,32
Letonia	14,29	21,43
Lituania	26,67	20,00
Luxemburgo	22,22	20,00
Malta	6,67	6,25
Países Baixos	37,50	41,67
Polonia	25,00	27,27
Portugal	22,22	22,22
R. Checa	32,00	34,78
Reino Unido	17,65	18,75
Romanía	30,43	24,00
Suecia	50,00	50,00

Fonte: INE. Elaboración do Instituto da muller e para a Igualdade de Oportunidades.

O cadro 5.33 sobre a participación da muller nos Parlamentos da Unión Europea pon de manifesto un leve aumento, pasando do 26,83% 2016 ao 27,94% de 2017. Este aumento non se repartiu por igual en todos os países da Unión Europea: en 2017 a maior porcentaxe de representación feminina osténtaa Francia e Suecia 50%, mentres que a menor representación a encontramos en Hungría (0%), e Malta (6,25%).

En España, en 2017, a representación da muller no Parlamento Europeo alcanzou o 35,71%.

Os datos ofrecidos nalgúns dos cadros anteriores e seguintes non están desagregados por CC.AA., pero aínda así os seus resultados son significativos e extrapolables, aínda que con particularidades, á situación galega.

Segundo información do Ministerio de Facenda e Función Pública aínda que a porcentaxe de funcionarias (52,43%) é superior á de funcionarios, a medida que ascendemos no complemento de destino, o número de mulleres diminúe, ata chegar ao nivel 30 onde só hai un representación feminina do 39,4% e ao nivel 29 cun 44,5 %. Ao ir descendendo de nivel, as porcentaxes vanse igualando, ata chegar ao nivel 27 cun 50,78% de mulleres, e segue incrementándose a presenza feminina en niveis máis baixos como o nivel 18 (63,37%), o 16 (61,42%) ou o 14 (60,14%).

Cadro 5.34

Representación de mulleres en organismos internacionais. España 2016

TOTAL	Ambos sexos % de mulleres	
	73	20,6
Embaixadoras - Representantes permanentes	17	17,65
Representantes permanentes adxuntas	6	16,67
Conselleiras	29	20,69
Delegadas permanentes	4	25,00
Outras	17	23,53

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades a partir de datos do Ficheiro de altos cargos. Datos xuño 2016.

Nos organismos internacionais, o papel da muller tampouco é moi destacado, cun 20,55% de representación, sendo o cargo de delegada permanente o de maior porcentaxe (25%).

A representación feminina en órganos constitucionais como o Consello de Estado, Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal de Contas, Valedor do pobo, Xunta Electoral Central e Consello Económico e Social, segue sendo escasa.

A participación máis alta obsérvase no Tribunal de Contas (38,46%) e no Consello Xeral do Poder Xudicial (46,66%).

A participación feminina no ano 2016 na carreira xudicial, é do 57,87%. Pero a medida que se ascende na carreira xudicial, a porcentaxe diminúe.

En categorías de xuíces/as a participación é maioritariamente feminina (64,44%), pero só alcanza o 11,63% no caso de maxistrados/as do Tribunal Supremo.

5.8. Conciliación entre a vida laboral e familiar

Talvez sexa a conciliación entre a vida laboral e familiar un dos maiores condicionantes do acceso da muller ao mundo laboral. Os efectos negativos das dificultades de conciliación seguen recaendo sobre as mulleres a falta de repartición equitativa das responsabilidades familiares e a ausencia de infraestruturas axeitadas e

suficientes para atender a nenas e a nenos e a dependentes contribuíron ao escaso cambio producido.

Cadro 5.35

Excedencias por cuidado de familiares. Galicia- España 2015- 2017

	Ambos sexos			Mulleres		
	2015	2016	2017	2015	2016	2017
Galicia	163	194	275	130	150	215
España	9.369	10.020	11.234	7.924	8.421	9.398

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social.

O cadro 5.35, móstranos a nivel de toda España, como o 84,% en 2016 e 83,7% en 2017 das excedencias para o coidado de familiares son solicitadas por mulleres e a nivel de Galicia alcanzouse o 77,3% en 2016 e 78,2% en 2017, mellorando sobre anos anteriores.

Cadro 5.36

**Núcleos familiares monoparentais
por sexo en miles. 2015-2016**

	Ambos sexos	Porcentaxe Monoparentais Femininos
2016	1.964.900	80,98
2015	1.897.400	81,25

Fonte: Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades.

O cadro 5.36 serve para confirmar o papel da muller como responsable do coidado dos fillos, cunha porcentaxe moi superior de familias monoparentais femininas (81,25% en 2015 e 81% en 2016), fronte ao 19% de monoparentais masculinas.

Cadro 5.37

Prestación de maternidade por comunidades autónomas. 2016-2017

		2016		2017	
		Total maternidade	Procesos percibidos madre	Total maternidade	Procesos percibidos madre
Prestación de maternidade	Total	278.509	272.821	268.328	263.398
	Andalucía	49.613	48.949	47.283	46.749
	Aragón	7.731	7.581	7.626	7.448
	Asturias	4.549	4.404	4.322	4.210
	Baleares	7.120	6.994	6.961	6.851
	Canarias	9.751	9.605	9.537	9.404
	Cantabria	3.161	3.060	3.061	2.982
	Castela e León	12.097	11.833	11.200	10.950
	Castela-A Mancha	10.314	10.137	9.937	9.783
	C. Valenciana	26.967	26.569	47.307	25.630
	Cataluña	48.814	47.832	25.998	46.392
	Estremadura	5.870	5.803	5.660	5.584
	Galicia	14.522	14.159	13.885	13.592
	Madrid	47.325	46.302	46.156	45.360
	Murcia	9.025	8.919	8.950	8.881
	Navarra	4.488	4.305	4.081	3.944
	A Rioxa	1.850	1.803	1.759	1.725
	País Vasco	14.534	13.808	13.917	13.249
	Ceuta	316	307	298	298
	Melilla	462	451	390	376

Xaneiro/décembro 2015-2016.

Fonte: Instituto Nacional da Seguridade Social.

No cadro 5.37 constátase que en Galicia o 97,9% en 2016 y 97,5% en 2017 dos permisos de maternidade foron gozados polas nais. En España as cifras son similares co 98,16% en 2016 y 97,96% en 2017 de permisos das nais.

Cadro 5.38

Excedencias por coidado de fillas/os. 2011-2016

	España		Galicia	
	Total	% Nais	Total	% Nais
2011	34.128	95,52	555	93,69
2012	29.651	94,98	536	94,22
2013	28.038	94,50	537	94,23
2014	31.435	94,02	556	92,63
2015	36.195	93,33	683	90,92
2016	40.517	92,63	910	91,65

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social.

Algo similar ocorre en as excedencias por coidado de fillas/os en Galicia correspondentes ao 2016, últimos datos dispoñibles, mostránnos que neste ano o 91,65% das excedencia por coidado de fillo/a eran solicitadas por mulleres e o 8,35% de homes, aínda que a tendencia dos últimos anos reflicte un leve aumento nas solicitudes de homes. En España, nese ano 2016, o 96,63% destas excedencias concedéronse a mulleres.

Cadro 5.39

Permisos de paternidade por CC.AA.

	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Total	245.867	237.988	235.678	238.806	244.468	264.632
Andalucía	37.973	37.138	36.968	37.700	39.109	42.959
Aragón	7.681	7.710	7.449	7.623	7.438	7.852
Asturias	4.303	3.910	3.718	3.812	3.868	4.289
Baleares	4.906	5.174	5.071	5.197	5.461	6.418
Canarias	7.990	7.551	7.631	7.992	8.369	9.067
Cantabria	3.192	3.081	2.822	2.828	2.871	3.055
Castela e León	11.859	11.156	11.091	11.083	11.163	11.557
Castela-A Mancha	10.542	10.200	9.761	9.968	10.313	11.123
C. Valenciana	23.888	22.798	23.319	23.389	24.466	26.109
Cataluña	46.496	44.460	44.227	45.309	45.924	49.815
Estremadura	4.722	4.451	4.572	4.370	4.867	5.073
Galicia	11.656	11.360	11.156	11.419	11.819	12.972
Madrid	40.744	40.256	39.326	39.835	40.075	44.509
Murcia	7.761	7.902	8.312	8.460	9.002	9.559
Navarra	4.665	4.284	4.241	4.244	4.216	4.102
A Ríoxa	1.973	1.885	1.806	1.781	1.756	1.854
País Vasco	14.951	14.149	13.630	13.274	13.059	13.627
Ceuta	277	248	6.601	235	228	311
Melilla	288	275	270	287	284	381

Fonte: Instituto Nacional da Seguridade Social. Actualizada a 8 de marzo de 2018.

Para completar este apartado incluímos o cadro sobre "Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial" do Instituto da Muller sobre datos da EPA.

Cadro 5.40

Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial. España 2016-2017

		2016	2017
Ambos sexos	Total	2.833,0	2805,4
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	163,7	205,1
	Enfermidade ou incapacidade propia	32,7	32,4
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	260,4	281,7
	Outras obrigas familiares ou persoais	143,7	142,2
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	1.714,9	1607,3
	Non querer traballo de xornada completa	235,6	233,8
	Outros motivos	275,0	294,7
	Non sabe o motivo	7,0	8,1
% Mulleres	Total	72,61	73,86
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	52,84	59,19
	Enfermidade ou incapacidade propia	55,96	74,07
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	96,04	95,21
	Outras obrigas familiares ou persoais	90,68	92,05
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	69,92	71,14
	Non querer traballo de xornada completa	78,82	82,81
	Outros motivos	66,15	62,95
	Non sabe o motivo	72,86	62,96

Unidade: miles de persoas. 2018.

Fonte: INE, EPA. Elaborado polo Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades.

Aínda que os datos non están desagregados por comunidades autónomas, parece significativo que do total de persoal que realiza un traballo a tempo parcial por coidado de nenos ou adultos enfermos, incapacitados ou maiores, o 96% en 2016 e 95,2% en 2017 sexan mulleres e o 90,7% en 2016 e 92% en 2017 do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais, tamén sexan mulleres.

Destaca, igualmente, que o 70% en 2016 e 71% en 2017 dos que non puideron encontrar traballo a xornada completa sexan mulleres, empeorando sobre anos anteriores e que o 79% en 2016 e 83% en 2017 dos que non queren traballar a xornada completa tamén sexan mulleres, xurdindo a dúbida de se realmente a elección de traballar a tempo parcial é libre ou imposta por un cúmulo de factores externos, algúns deles imperceptibles. O dato alentador é a leve baixada do número de mulleres nesta situación.

5.9. Salarios

Continuando a tendencia dos apartados anteriores deste capítulo, o sexo parece ser tamén un factor determinante das diferenzas salariais.

O informe da Axencia Tributaria sobre Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2015 e 2016 reflicte que as mulleres galegas percibiron un salario medio anual de 15.501 € en 2015 e 15.730 € en 2016 € fronte aos 19.899 € en 2015 e 20.243

€ en 2016 dos homes, o que supón que as mulleres percibiron un 22% menos que os homes polo seu traballo realizado.

A media total das CC.AA. no grupo de mulleres chegou aos 16.143 € (2016), fronte aos 21.026 € (2016) dos homes, percibindo o colectivo feminino un 22,6% menos que os homes.

A muller galega cobra menos que a media feminina estatal (16.143 € 2015 e 16.281 € 2016) e que a media no conxunto do Estado (18.645 € 2015 e 18.835 € 2016).

Cadro 5.41

Asalariados por CC.AA. e sexo. 2015-2016

	2015				2016			
	Total		Mulleres	Homes	Total		Mulleres	Homes
	Salario medio anual	%*	Salario medio anual	Salario medio anual	Salario medio anual	%*	Salario medio anual	Salario medio anual
Andalucía	14.629	76,27	12.493	16.380	14.868	76,80	12.755	16.608
Aragón	19.041	75,31	16.150	21.444	19.121	75,34	16.226	21.538
Asturias	19.684	72,94	16.443	22.542	19.765	72,57	16.474	22.702
Baleares	17.529	82,68	15.799	19.109	17.748	82,38	15.967	19.382
Canarias	16.102	85,83	14.811	17.257	16.201	85,93	14.914	17.355
Cantabria	18.918	73,86	15.878	21.498	18.905	74,57	15.974	21.421
Castela e León	18.238	77,72	15.770	20.292	18.315	77,38	15.806	20.427
Castela-A Mancha	16.216	80,52	14.228	17.670	16.331	79,99	14.278	17.849
Cataluña	21.078	77,22	18.239	23.621	21.238	76,98	18.383	23.881
C. Valenciana	17.019	78,76	14.835	18.836	17.222	78,12	14.945	19.130
Extremadura	13.628	83,56	12.289	14.707	13.797	83,64	12.457	14.894
Galicia	17.839	77,90	15.501	19.899	18.114	77,71	15.730	20.243
Madrid	24.734	73,62	20.824	28.284	24.886	72,46	20.696	28.562
Murcia	15.798	80,23	13.842	17.253	15.979	77,84	13.635	17.516
A Ríoxa	18.506	77,56	15.971	20.592	18.748	76,44	15.960	20.880
Ceuta	21.989	73,08	17.993	24.621	21.810	74,63	18.255	24.461
Melilla	21.002	77,17	17.853	23.134	20.994	78,12	17.890	22.901
Total	18.645	77,69	16.143	20.779	18.835	77,43	16.281	21.026

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home.

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2017.

A evolución é lenta dende o ano 2000, chegando ao 26,94% en 2006 e 26,28% en 2007. Pero dende o ano 2008 as diferenzas diminúen e mantéñense en valores similares nos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013. No ano 2014 vólvese producir unha pequena redución nas diferenzas salariais que permanecen en 2015 e 2016.

Cadro 5.42

Salarios medios por sector de actividade económica e sexo. Galicia / España. 2015

	España		Galicia		
	Homes	Mulleres	Mulleres	Homes	%
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	7.296	4.307	10.255	15.048	68,15
Industria extractiva, enerxía e auga	30.103	22.905	21.258	29.459	72,16
Industria	25.590	18.043	15.464	22.037	70,17
Construción e servizos inmobiliarios	16.797	16.583	15.780	17.035	92,63
Comercio, reparacións e transporte	20.036	13.847	13.629	18.937	71,97
Información e comunicacións	31.709	24.666	18.373	25.258	72,74
Entidades financeiras e aseguradoras	46.060	30.988	25.836	34.680	74,50
Servizo ás empresas	19.484	13.426	11.804	16.841	70,09
Servizos sociais	25.728	21.265	20.924	24.876	84,11
Outros servizos persoais e de ocio	11.664	8.551	7.442	10.070	73,90
Total	20.779	16.143	15.501	19.899	77,90

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home en Galicia.

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2015.

Neste cadro, apreciamos que as diferenzas salariais non son iguais segundo que rama de actividade económica se trate. As maiores diferenzas aprécianse na rama agricultura, gandería, silvicultura e pesca cunha porcentaxe dun 30,34% menos en contra da muller, na de industria cun 29,68% menos e en servizos a empresas, onde a muller gaña un 29,43% menos que o home.

As menores diferenzas encontrámonas en construción e servizos inmobiliarios onde a muller percibe o 90% do salario masculino e en servizos sociais con 83,48%.

Hai que ter en conta que estas diferenzas salariais están provocadas en boa medida porque a muller está contratada nunha maior proporción a tempo parcial, con contratos temporais, que se incorporan máis tarde ao mercado laboral e que interrompen a súa vida profesional para a atención dos fillos ou de persoas dependentes.

Cadro 5.43

Asalariadas e asalariados por tramos de salario e sexo. Galicia. 2015-2016

	2015				2016			
	Galicia		España		Galicia		España	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
De 0 a 0,5 SMI	86.191	97.973	1.804.502	1.887.617	83.976	99.130	1.799.880	1.944.504
De 0,5 a 1 SMI	54.549	71.380	1.081.178	1.187.299	55.434	73.553	1.099.913	1.239.220
De 1 a 1,5 SMI	58.576	78.740	1.036.727	1.162.847	61.667	82.529	1.106.108	1.228.139
De 1,5 a 2 SMI	92.637	71.751	1.265.364	1.050.684	95.358	72.601	1.350.335	1.088.857
De 2 a 2,5 SMI	73.091	44.746	1.069.584	730.275	74.257	45.048	1.112.874	744.053
De 2,5 a 3 SMI	43.429	28.033	733.685	519.655	43.451	28.439	756.121	529.140
De 3 a 3,5 SMI	34.434	22.920	580.416	402.382	33.946	23.105	587.338	407.383
De 3,5 a 4 SMI	23.819	16.650	444.764	314.428	24.136	16.683	449.055	322.584
De 4 a 4,5 SMI	16.902	13.498	340.865	239.433	16.827	13.747	344.437	245.319
De 4,5 a 5 SMI	11.581	7.572	241.198	154.926	11.729	7.961	246.142	158.563
De 5 a 7,5 SMI	23.545	10.854	506.798	252.010	23.581	11.176	513.614	261.422
De 7,5 a 10 SMI	6.369	2.233	150.213	56.205	6.582	2.474	152.852	60.366
Máis de 10 SMI	3.571	692	110.621	25.881	3.619	769	112.946	27.355
Total	528.694	467.042	9.365.915	7.983.642	534.563	477.215	9.631.615	8.256.905

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2015.

A partir dos datos facilitados pola Axencia Tributaria, observamos que en 2016 o 20,7% tiveron ingresos por salarios inferiores ao 50% de salario mínimo interprofesional (SMI) e o 15,4% tivéronos entre o 50% e o 100% do SMI. Isto supón que o 36% de mulleres no ano 2016 tiveron ingresos non superiores ao SMI. Os homes con salarios inferiores ao 50% do SMI foron o 15,7% e con salarios entre o 50% e o 100% do SMI foron o 10.4%.

Cos salarios máis altos acontece á inversa, é unha porcentaxe moi baixa de mulleres as que perciben salarios altos.

A Enquisa anual de estrutura salarial ano 2016 do INE confirma os datos anteriores.

Cadro 5.44

Salario bruto anual por tipo de contrato (euros). 2016.
Enquisa anual de estrutura salarial

Homes	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	24.026,82	26.051,21	17.022,07
Aragón	25.326,91	26.773,66	17.967,48
Asturias	27.010,87	29.287,30	18.433,00
Baleares	23.286,85	24.754,84	17.478,85
Canarias	21.149,44	22.036,76	17.285,52
Cantabria	25.210,05	26.695,30	17.925,01
Castela e León	24.445,65	26.102,84	17.466,35
Castela-A Mancha	22.871,41	24.528,03	16.324,69
Cataluña	27.572,76	29.131,80	18.187,67
C. Valenciana	23.672,18	25.230,14	16.153,00
Extremadura	21.554,75	23.352,26	14.539,78
Galicia	23.774,21	25.184,74	17.420,46
Madrid	29.111,20	30.873,73	17.653,94
Murcia	23.947,99	25.246,38	18.300,37
Navarra	29.098,99	31.530,29	18.325,30
País Vasco	31.001,21	33.130,17	21.085,14
A Ríoxa	24.653,37	25.810,98	-17.978,72
España	25.924,43	27.665,19	17.565,17

Mulleres	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	18.177,37	19.129,65	14.840,51
Aragón	18.766,21	19.733,56	14.329,94
Asturias	19.077,92	20.049,29	14.789,42
Baleares	19.702,60	20.617,04	15.480,61
Canarias	18.211,44	18.318,18	17.716,70
Cantabria	18.216,84	19.347,52	-9.792,88
Castela e León	18.662,42	19.169,74	16.300,10
Castela-A Mancha	18.213,71	19.067,33	15.234,90
Cataluña	21.110,34	21.997,57	16.107,40
C. Valenciana	18.349,52	18.980,69	14.966,93
Extremadura	17.360,28	19.219,10	12.696,83
Galicia	18.294,47	19.111,36	14.727,26
Madrid	23.371,33	24.478,45	15.802,48
Murcia	18.033,05	18.716,68	15.275,02
Navarra	20.946,00	21.993,00	15.652,39
País Vasco	23.428,18	24.572,63	17.220,04
A Ríoxa	19.047,20	19.993,49	-14.588,70
España	20.131,41	21.086,26	15.461,31

Fonte: INE.

En Galicia o salario medio bruto anual total en 2016, no colectivo feminino foi de 18.294,5 €. Se distinguimos entre tipo de contrato a media foi de 19.111,36 € para os contratos indefinidos e 14.727,26 € para os de duración determinada e no colectivo masculino foi de 23.774,21 €, distribuídos en 25.184,74 € para os contratos indefinidos e 17.420,46 € para os de duración determinada. Isto supón que as mulleres galegas

en 2011 percibiron unhas retribucións un 23% menor que os dos homes, diferenza que no caso dos contratos indefinidos alcanza o 24,11%.

En España a media salarial bruta das mulleres en 2016, foi de 20.131,41 €, fronte aos 25.924,43 dos salarios masculinos, o que reflicte unha diferenza en contra do salario feminino de 22,34%. Nas contratacións indefinidas, esta diferenza desfavorable para as mulleres chega ao 23,78%.

5.10. Prestacións por desemprego

Os datos proporcionados polo MEYSS para a elaboración deste apartado non están desagregadas por CC.AA., polo que, aínda que fagamos referencia ás súas táboas estatísticas imos utilizar tamén o informe da Axencia Tributaria sobre Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2015 e 2016.

O número de perceptoras de prestacións de desemprego, segundo as estatísticas do Anuario de estatísticas laborais e de asuntos sociais do Ministerio de Emprego e Seguridade Social , foi inferior ao dos homes no nivel contributivo e asistencial.

384.430 (2016) e 374.089 (2017) mulleres percibiron prestación de nivel contributivo, fronte a 379.267 (2016) e 352.486 (2017) homes.

418.977 (2016) e 393.126 (2017) mulleres percibiron prestacións de nivel asistencial, fronte a 460.866 (2016) e 396.292 (2017) homes.

226.273 (2016) e 246.654 (2017) mulleres percibiron a renda activa de inserción, fronte a 192.812 (2016) e 222.362 (2017) homes.

66.643 (2016) e 45.712 (2017) mulleres percibiron programa de activación para o emprego fronte a 41.695 (2016) e 28.904 (2017) homes.

Cadro 5.45**Prestación media anual. Segundo sexo e idade.
España. 2015-2016**

	2015	2016
Homes		
menor de 26 años	2.037	2.024
26 a 35 anos	2.727	2.681
36 a 45 anos	3.157	3.064
46 a 55 anos	3.362	3.175
55 e máis anos	4.420	4.187
Total	3.304	3.179
Mulleres		
menor de 26 años	1.931	1.925
26 a 35 anos	2.676	2.618
36 a 45 anos	2.989	2.902
46 a 55 anos	2.880	2.774
55 e máis anos	3.820	3.702
Total	2.962	2.882

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2016.

Para poder facer unha análise por CC.AA. e sexo utilizaremos os datos do informe da Axencia Tributaria sobre Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2015 e 2016.

En todas as CC.AA o importe da prestación media anual é inferior no colectivo feminino, 2.962 € en 2015 e 2.882 € en 2016 fronte aos 3.304 € 2015 e 3.179 € en 2016 dos homes. En Galicia a media anual chegou aos 2.921 € 2015 e 2.851 € 2016 para as mulleres e aos 3.421 € 2015 e 3.326 € en 2016 para os homes, polo tanto existe unha diferenza en prexuízo do grupo de mulleres de 490 € en 2015 e 475 € en 2016 anuais como media.

Se comparamos a percepción media feminina en materia de prestacións de desemprego co total do colectivo feminino, as mulleres galegas percibiron 31 € menos en 2016 que a media de España, empeorando a súa posición con respecto a outros anos. No caso dos homes galegos a diferenza coa media dos homes de España, é de 147 € máis.

Podemos concluír dicindo que a muller galega percibe só o 85,7% das prestacións, comparándoas coas percibidas polos seus compañeiros homes, é dicir, percibe un 14,3% menos.

Cadro 5.46

**Percepcións medias de prestacións por desemprego.
Por sexo e comunidade autónoma do perceptor. Galicia/España. 2015-2016**

	2015			2016		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	Prestación media anual	Prestación media anual	Prestación media anual	Prestación media anual	Prestación media anual	Prestación media anual
Andalucía	2.966	3.108	2.812	2.908	3.023	2.787
Aragón	3.074	3.164	2.968	2.934	3.001	2.858
Asturias	3.341	3.647	2.971	3.213	3.496	2.887
Baleares	2.714	2.797	2.631	2.618	2.691	2.546
Canarias	2.975	3.140	2.803	2.905	3.063	2.745
Cantabria	3.129	3.370	2.833	3.009	3.226	2.754
Castela e León	3.198	3.406	2.946	3.047	3.236	2.828
Castela-A Mancha	3.025	3.213	2.802	2.865	3.029	2.680
Cataluña	3.401	3.554	3.237	3.257	3.382	3.128
C. Valenciana	3.038	3.193	2.871	2.930	3.072	2.783
Extremadura	2.885	3.063	2.690	2.858	3.011	2.694
Galicia	3.192	3.421	2.931	3.099	3.326	2.851
Madrid	3.677	3.868	3.479	3.553	3.748	3.358
Murcia	2.827	2.952	2.678	2.733	2.844	2.602
A Rioxa	3.244	3.372	3.095	3.104	3.233	2.960
Ceuta	2.944	3.212	2.671	2.867	3.160	2.576
Melilla	2.824	3.148	2.493	2.751	3.036	2.469
España	3.140	3.304	2.962	3.035	3.179	2.882

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2017.

Facendo unha análise da nacionalidade dos perceptores/as, observamos que cando a nacionalidade é española, a diferenza nas percepcións das mulleres con respecto aos varóns é superior, chegando a percibir un 14,6% menos, mentres que se a orixe é estranxeira, a diferenza redúcese ata un 10,8% menos.

Cadro 5.47

Desempregados e prestacións medias por nacionalidade e sexo do perceptor. Galicia-España. 2016-2017

	2016						2017					
	Desempregados			Prestación media anual			Desempregados			Prestación media anual		
	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Ambos sexos	Mulleres	Homes
España												
Española	4.358.271	2.130.117	2.228.154	6.377	2.997	3.380	4.082.223	2.032.180	2.050.043	6.158	2.913	3.245
Estranxeira	549.195	217.686	331.509	5.416	2.623	2.793	524.029	211.400	312.629	5.330	2.585	2.745
Galicia												
Española	255.943	120.564	135.379	6.396	2.946	3.450	234.342	113.058	121.284	6.217	3.353	2.864
Estranxeira	10.570	4.113	6.457	5.317	2.816	2.501	9.724	3.846	5.878	5.267	2.784	2.483

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

A diferenza estriba na nacionalidade de orixe, xa que os homes non españois perciben unhas prestacións inferiores ás dos homes galegos (13,3% menos), mentres que as mulleres non españolas, con respecto ás mulleres galegas teñen uns ingresos en concepto de desemprego do 17% menos.

Esta análise volve reafirmar a idea de que, con independencia da orixe, nacionalidade, formación..., o colectivo de mulleres sempre está por debaixo do de homes.

5.11. Pensións

Para unha primeira análise utilizaremos os datos proporcionados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social nas estatísticas do Anuario de estatísticas laborais do

2016 e 2017. Aínda que os datos non están desagregados por CC.AA., si o están por sexo, polo que nos poden dar unha visión xeral da situación da muller pensionista.

Faremos unha primeira análise das pensións contributivas.

O número de pensionistas mulleres (4.115.452 en 2016 e 4.168.774 en 2017) en toda España é lixeiramente inferior ao de homes. É máis destacable que se ben no colectivo masculino as pensións de xubilación, que requiren unha cotización previa, supoñen un 64% do total, no grupo de mulleres só alcanzan un 36%, mentres que as de viuvez chegan ao 96%.

En relación co importe medio mensual podemos dicir que no conxunto do Estado, as pensións percibidas polas mulleres en 2017 son 422,23 € menos que as dos homes, ou o que é o mesmo un 37% menores (mulleres: 715,46 €; homes: 1.137,69 €), datos similares aos de 2016. Esta diferenza aínda é maior se comparamos as pensións de xubilación. Así unha pensionista de xubilación muller percibiría 454,39 € menos que os homes, un 37,6% menos.

As pensións de viuvez e a favor de familiares son lixeiramente superiores no caso das mulleres.

Cadro 5.48

Pensión contributivas e importe medio e pensionistas segundo clase, por España 2016/2017

	Importe medio En euros/mes		Pensionistas Número	
	2016	2017	2016	2017
Homes	1.119,00	1.137,69	4.436.230	4.477.130
Incapacidade permanente	991,00	995,80	606.006	608.660
Xubilación	1.211,19	1.232,83	3.585.876	3.623.402
Viuvez	482,06	485,71	63.341	63.235
Orfandade	374,36	379,63	170.232	170.237
Favor familiares	490,47	503,47	10.776	11.598
Mulleres	698,68	715,46	4.115.452	4.168.774
Incapacidade permanente	815,90	827,52	321.380	328.562
Xubilación	756,80	781,10	2.006.241	2.064.817
Viuvez	650,52	659,66	1.605.199	1.592.885
Orfandade	374,91	379,23	155.455	154.919
Favor familiares	538,92	548,09	27.176	27.592
Ambos os dous sexos	903,56	920,60	8.551.870	8.646.060
Incapacidade permanente	929,69	936,00	927.403	937.230
Xubilación	1.042,65	1.063,50	5.592.192	5.688.286
Viuvez	637,87	646,40	1.668.572	1.656.146
Orfandade	374,61	379,43	325.751	325.209
Favor familiares	525,63	535,27	37.952	39.189

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social, Anuario de estadísticas laborais 2017.

Se a análise o realizamos observando as pensións segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase, para todo o territorio das CC.AA. apreciamos que no colectivo de mulleres o número de pensións en tramos superiores a 1.100 € suman 671.431, mentres que no grupo de homes alcanzan os 1.901.246 perceptores en 2017. Un 65% mas de homes que de mulleres ten pensións de contías superiores a 1.000€

Cadro 5.49

Pensión contributivas, segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase en miles. España. 2017

	Total	Ata 150 €	De 150,01 a 500 €	De 500,01 a 707,69€	De 707,70 a 800€	De 800,01 a 1.100€	De 1.100,01 a 1.800,00	De 1.800,01 a 2.000€	De 2.000,01 a 2.573,71€	De 2.000,01 a 2.466,21€	Máis de 2.573,71 €
Homes	4.622.758	67.954,0	470,6	904.183,0	560.876,0	717.882,0	716.361,0	350.553,0	181.540,0	627.075,0	25.717,0
Incapacidade permanente	610.591,0	2.015,00	91.108,00	141.927,00	73.705,00	119.530,0	87.884,0	35.192,0	15.509,0	38.663,0	5.060,0
Xubilación	3.642.247	48.792,00	139.734,00	694.395,00	476.391,00	579.302,0	615.540,0	313.717,0	165.645,0	588.089,0	20.638,0
Viudedade	179.985,0	8.157,00	110.446,00	30.119,00	8.063,00	12.962,0	9.232,0	967,0	6,0	20,0	12,0
Orfandade e favor familiares	189.935,0	8.990,00	129.329,00	37.743,00	2.717,00	6.088,0	3.705,0	677,0	377,0	303,0	7,0
Mulleres	4.891.884	90.289,0	1.400.153,00	1908480	286.847,0	534.687,0	368.370,0	115.114,0	45.694,0	131.170,0	11.083,0
Incapacidade permanente	336.529,0	1.327,0	90.165,00	104.033,00	27.370,00	46.685,0	31.643,0	12.579,0	5.670,0	14.773,0	2.286,0
Xubilación	2.183.808	41.720,0	602.740,00	854.080,00	98.964,00	182.749,0	160.457,0	79.903,0	39.018,0	115.446,0	8.732,0
Viudedade	2.180.382	38.149,0	579.009,00	912.195,00	157.448,00	298.340,0	172.079,0	21.897,0	587,0	623,0	55,0
Orfandade e favor familiares	191.165,0	9.093,0	128.239,00	38.172,00	3.065,00	6.913,0	4.191,0	735,0	419,0	328,0	10,0

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social, Anuario de estadísticas laborales 2017.

Para poder facer unha análise por CC.AA. e sexo utilizaremos os datos do informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2015 e 2016".

Cabe sinalar que se ben en Galicia, o número de pensionistas (sen distinción polo tipo de pensión) é superior no colectivo feminino (51,8% en 2015 e 51,7 € en 2016), non o son os importes das pensións recibidas. No total das CC.AA. o número de mulleres pensionistas chega ao 49,8%.

A pensión media anual das mulleres pensionistas en Galicia alcanzou en 2015 e 2016 respectivamente os 10.025 € e os 10.266 € fronte aos 14.071 € e 14.424 € dos homes, o que supón que as mulleres perciben o 71,21% e 71,17% do importe da pensión masculina, ou o que é o mesmo un 28,75% menos, o que supón unha significativa diferenza (4.158 € menos ao ano).

A muller galega tamén está en desvantaxe se a comparamos coa pensión media das mulleres do resto de CC.AA., con 1.065 € menos en 2016.

As pensionistas galegas ocupan o quinto lugar das máis baixas, despois de Extremadura, Murcia, Melilla e Castela-A Mancha.

Cadro 5.50

Pensión media anual por CC.AA. e sexo. Exercicio 2015-2016

	2015			2016		
	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes
Andalucía	12.074	10.040	14.096	12.340	10.289	14.382
Aragón	14.393	11.470	17.089	14.680	11.719	17.423
Asturias	16.621	12.018	20.858	16.898	12.340	21.110
Baleares	12.832	10.728	15.041	13.187	11.092	15.385
Canarias	11.906	10.087	13.738	12.193	10.344	14.058
Cantabria	14.297	11.279	17.234	14.654	11.620	17.598
Castela e León	13.556	11.032	15.772	13.909	11.341	16.171
Castela-A Mancha	11.929	9.852	13.559	12.215	10.119	13.871
Cataluña	14.252	11.741	16.942	14.680	12.095	17.452
C. Valenciana	12.520	10.358	14.670	12.830	10.633	15.015
Estremadura	11.182	9.629	12.584	11.373	9.825	12.772
Galicia	11.975	10.025	14.071	12.273	10.226	14.424
Madrid	16.158	13.000	19.430	16.659	13.444	20.010
Murcia	11.710	9.695	13.683	12.101	10.094	14.041
A Ríoxa	13.220	10.883	15.356	13.651	11.232	15.881
Ceuta	13.660	10.506	17.030	13.992	10.674	17.513
Melilla	12.427	9.854	15.401	12.713	10.100	15.679
Total	13.388	10.976	15.784	13.739	11.291	16.175

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home.

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2016.